Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2019/20	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
Alumnado	48%	Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía 3,43	5. A utilidade das prácticas da titulación. 4,30	10. A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...). 2,33
			15. Os espazos para o traballo autónomo. 4,00	11. As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP. 2,50
			3. Os horarios da titulación. 3,90	1. A distribución e orde das materias no plan de estudos. 2,90
	43%	Ciencias Sociais. Xeografía e Historia 3,12	5. A utilidade das prácticas da titulación. 4,89	2. A coordinación entre as materias do plan de estudos. 1,75
			4. O calendario das probas de avaliación. 4,00	10. A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...). 2,33
			12. A atención do persoal de administración e servizos do centro. 3,67	17. A formación adquirida. 2,56
				18. O cumprimento das túas expectativas formativas. 2,56
	39%	Ciencias Sociais. Humanidades 2,68	5. A utilidade das prácticas da titulación. 4,67	2. A coordinación entre as materias do plan de estudos. 1,57
			16. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia. 3,29	14. Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento. 2,00
			12. A atención do persoal de administración e servizos do centro. 3,17	10. A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...). 2,14
	58%	Orientación	5. A utilidade das	10. A información

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2019/20	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
		3,92	prácticas da titulación. 5,00	sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...). 3,14
			16. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia. 4,33	13. As aulas e o seu equipamento. 3,57
			17. A formación adquirida. 4,33	3. Os horarios da titulación. 3,67
				4. O calendario das probas de avaliación. 3,67
				14. Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento. 3,67
Profesorado	Non procede	Non procede		
Persoas tituladas	67%	Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía 3,81	18. Formación adquirida na práctica. 4,75	9. As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. 2,71
			19. Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación. 4,75	16. A utilidade da formación recibida para a carreira profesional. 3,13
			1.A distribución das materias do plan de estudos. 4,29	15. A formación adquirida. 3,25
	Non consta	Ciencias Sociais. Xeografía e Historia		
	33%	Ciencias Sociais. Humanidades 3,49	1. A distribución das materias do plan de estudos. 4,17	5. A orientación profesional e laboral recibida. 2,50
			7. A facilidade para atopar contidos na páxina web. 4,00	6. Os programas de mobilidade, de ser o caso. 2,50
			8. A utilidade da páxina web da titulación. 4,00	9. As vías para participar na mellora da titulación (Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc.. 2,60
			18. Formación adquirida na práctica. 4,00	

Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación profesional e Ensinanza de Idiomas				
Colectivo	Resultados de Participación	Satisfacción xeral curso 2019/20	Ítem/ epígrafes mellor valorados	Ítem epígrafes peor valorados
	Non consta	Orientación		
Empregadores/as	0%	---		

2.8.4. Indicadores por materia

a) Deseguido, preséntanse os resultados do panel de indicadores por materia

Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas			
Panel de indicadores por materia			
Materias	T. Eval. IM02	T. Exito IM01	T. Ren. IM03
Orientación e Función Titorial	100,00%	100,00%	100,00%
Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario	100,00%	98,55%	98,55%
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	98,61%	100,00%	98,61%
Sistema Educativo e Educación en Valores	100,00%	98,53%	98,53%
Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas	100,00%	100,00%	100,00%
A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Investigación e Innovación na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais	100,00%	100,00%	100,00%
Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía	100,00%	100,00%	100,00%
Ciencias Sociais na Educación Secundaria I	100,00%	100,00%	100,00%
Ciencias Sociais na Educación Secundaria II	100,00%	100,00%	100,00%
Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Xeografía na Educación Secundaria	100,00%	100,00%	100,00%
Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais	100,00%	100,00%	100,00%
Prácticas Externas	98,53%	100,00%	98,53%
Traballo Fin de Máster	90,59%	100,00%	90,59%
Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria	94,74%	100,00%	94,74%
Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular	100,00%	100,00%	100,00%
A Atención á Diversidade e a súa Intervención	90,00%	100,00%	90,00%
A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación	88,89%	100,00%	88,89%
Formación Académica e Profesional	100,00%	100,00%	100,00%
A Innovación e a Investigaicón Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar	100,00%	100,00%	100,00%

b) A continuación, preséntanse os resultados dos informes de cualificación por materia

Máster Universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas						
Informes de cualificación por materia						
Materia	NP	SUSP	APROB	NOTB	SOBRS	MH
Orientación e Función Titorial			2	18	45	3
Desenvolvemento Psicológico da Aprendizaxe no Ensino Secundario		1	10	50	8	
Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos	1		8	40	23	
Sistema Educativo e Educación en Valores		1	7	28	32	
Orientación Base Legal, Composición, Planes e Programas			1	3	5	
A Ciencia e a súa Metodoloxía para Profesorado de Educación Secundaria				5	16	
Investigación e Innovación na Educación Secundaria			1	14	6	
Deseño de Investigacións e Propostas Innovadoras en Ciencias Experimentais				5	14	2
Tecnoloxía e Informática para o Profesorado de Educación Secundaria			2	4	14	1
Didáctica da Tecnoloxía e Informática na Educación Secundaria			1	3	15	2
Organización da Aula-Obradoiro de Tecnoloxía			3	12	6	
Ciencias Sociais na Educación Secundaria I			6	11	21	1
Ciencias Sociais na Educación Secundaria II			3	17	19	1
Aprendizaxe e Ensinanza de Historia e Historia da Arte na Educación Secundaria			2	4	15	
Xeografía na Educación Secundaria			4	11	4	2
Innovación e Investigación nas Ciencias Sociais				17	20	2
Prácticas Externas			1	5	62	
Traballo Fin de Máster	8		3	24	48	2
Economía, Administración de Empresas e Comercio na Educación Secundaria	1		1	6	11	
Diagnóstico e Evolución da Competencia Curricular			1		7	
A Atención á Diversidade e a súa Intervención			7	2		
A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación	1			3	5	
Formación Académica e Profesional			2	5	1	1
A Innovación e a Investigación Educativa como Factores para a Mellora e o Asesoramento Escolar			1	6	2	

2.8.5. Estado dos rexistros do SGIC da titulación

Máster universitario en Profesorado en ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas					
Rexistro	Procedemento	Data límite de entrega	Observacións	Documentos Adxuntos	Estado do rexistro
R1-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a modificación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	23/01/2020	Non procede.	0	Completado
R2-DO0101 P1 - Acta da Comisión de calidade sobre a acreditación dunha titulación	DO-0101 P1 - Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais	28/11/2019	Non procede.	0	Completado
R1-DO0102 P1 - Informe anual de seguimento da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/01/2020	O informe de seguimento das titulacións realízase a través do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección. Este rexistro está subido no Centro e tamén pode localizarse en: http://fce.uvigo.es/gl/calidade/sgic/resultados-de-medicion/	0	Completado
R2-DO0102 P1 - Informe anual de avaliación da titulación	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/09/2020	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi avaliada por ACSUG (seguimento externo).	0	Completado
R3-DO0102 P1 - Informes de revisión interna	DO-0102 P1 - Seguimento e mellora das titulacións	30/09/2020	Non procede. Ningunha das titulacións do centro foi obxecto de seguimento interno.	0	Completado
R2-DO0103 P1 - Orde de suspensión e de revogación dunha titulación publicada no DOG	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	Non procede.	0	Completado
R1-DO0103 P1 - Resolución de extinción dunha titulación	DO-0103 P1 - Suspensión e extinción dunha titulación	29/11/2019	Non procede.	0	Completado
R3- DO0201 P1 - Informe de Coordinación	DO-0201 P1 - Planificación e desenvolvemento da ensinanza	25/09/2020	O Informe de Accións de Coordinación do curso 2019-20 dos títulos do Centro foi validado pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o día 11 de decembro de 2020.	1	Completado
R1- DO0204 P1 - Criterios de asignación das prácticas curriculares	DO-0204 P1 - Xestión das prácticas académicas externas	01/07/2020	Ademais da Guía do Prácticum, na web deste mestrado publícase outra información relativa as mesmas: http://mpe.uvigo.es/index.php?option=com_content&view=article&id=53&Itemid=172&lang=es	1	Completado
R1- PE02 P1 - Resultados de avaliación docente definitivos (anuais)	PE 02 P1 - Xestión do persoal docente e investigador-PDI	31/01/2020	Resultados definitivos da Avaliación docente.	4	Completado

2.9. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)*

**Neste epígrafe os centros que teñan solicitado, consonte o procedemento de medición, análise e mellora, indicadores propios que completan o panel de indicadores institucionais, poden recoller os resultados obtidos e unha breve análise deles.*

A Facultade de Ciencias da Educación non ten indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP).

III. ANÁLISE DE RESULTADOS: SEGUIMIENTO DAS TITULACIÓNS

De seguido inclúense as análises de cada unha das titulacións adscritas do Centro; comézase polos graos e posteriormente pásase aos de máster.

3.1. Seguimento da titulación: Grao en Educación Infantil

3.1.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A pesar do escenario excepcional no que se desenvolveu parte do curso 2019-2020 pola situación sanitaria derivada da COVID-19 e, tendo en conta os indicadores e medidas dispoñibles, valoramos satisfactoriamente o desenvolvemento do plan de estudos e os resultados acadados. Estes resultados son froito, en boa medida, do esforzo do profesorado por adaptarse ás directrices do Equipo de Goberno da Universidade e do Equipo Decanal para garantir o adecuado cumprimento do plan de estudos, conforme á memoria e planificación previstas. Tamén é de sinalar a implicación do propio alumnado, co que se mantivo un contacto fluído a través de correo electrónico e se lle foron adaptando as tarefas e actividades á teledocencia, primeiro a través da plataforma fatic e posteriormente da ferramenta virtual “campus remoto”, no que se desenvolveron as clases síncronas. Isto permitiu continuar coa actividade académica e o cumprimento dos obxectivos docentes (adaptación da programación docente prevista ás metodoloxías non presenciais, así coma as actividades e probas de avaliación), tutorización por medios telemáticos (solución de dúbidas, corrección de tarefas etc.). É de sinalar tamén a implicación do persoal de administración e servizos que respondeu, na medida das súas posibilidades, ás necesidades xurdidas ao longo do curso académico 2019-2020.

Entre os indicadores é de sinalar, en primeiro lugar, a puntuación global do grao de satisfacción do alumnado nas Enquisas de Avaliación Docente 3.32 (fronte a 2,88 do curso 18/19), superándose a meta de calidade asociada a este obxectivo de planificación e desenvolvemento do ensino, o que constitúe un aval á valoración positiva efectuada.

De modo máis específico, e sempre tendo como marco de referencia a Memoria do Título, foron diversas as accións realizadas coa finalidade de favorecer a actualización do plan formativo ofertado. Entre todas elas salientamos polo seu interese diferentes iniciativas vinculadas ao Prácticum e Traballo Fin de Grao que a continuación expoñemos.

Con respecto ao Prácticum, os cambios máis significativos de cara a dotar de maior calidade e relevancia esta materia do Grao de Educación Infantil atinxiron a:

1. Consolidación da incorporación de docencia en POD da materia Prácticum, asignándolle 10 horas a cada titor/a.
2. Reflexionar sobre a necesidade de melloras no Prácticum dende a perspectiva dos titores/as da Facultade e os titores/as externos.
3. Debater entre o profesorado que titoriza o Prácticum para a posta en común de diferentes aspectos que posibiliten a mellora das funcións do alumnado durante o período de prácticas; formación específica para titores/as e percepción que dende os centros teñen da formación que o alumnado recibe na Facultade.
4. Revisar e reflexionar sobre a información que se lle fai chegar aos titores/as: normativa, modelo de ficha de avaliación, modelo de memoria de prácticas, acceso á información por parte do alumnado etc.
5. Posibilitar, en casos excepcionais, a prolongación do período de prácticas para persoas que por motivos de saúde (confinamentos, corentena, peche de aulas....) vexan alterada a súa estadia nos centros educativos.
6. Favorecer que o alumnado poida ter máis dun titor/a no centro para facer prácticas diversificadas que posibiliten entrar en contacto coa realidade socioeducativa e laboral.
7. Avaliar de modo coordinado entre todo o persoal titor.
8. Revisar a normativa do centro que regula as prácticas externas.
9. Actualizar e elaborar novos materiais para a xestión das prácticas externas.
10. Continuar coa revisión e actualización da documentación de Prácticum; asignación de titores/as e organización dos seminarios presenciais do curso 19-20; mellora da coordinación entre titoras/es académicos e de centro a través dun “Seminario formativo. A mellora da titorización do proxecto formativo de Prácticum nos graos de Educación Infantil e Primaria” (19/09/2019) para abordar aspectos organizativos (procedemento de elección de centro, prácticas en contextos educativos diversos, calendario) e tamén formativos (funcións e obrigas, contidos e tarefas e avaliación e seguimento) do Prácticum, que foron abordados en “Observar e avaliar no Prácticum dos graos de Educación Infantil e Primaria” (do 14 de xaneiro ao 12 de xuño de 2020); acordo de asignación de matrículas de honra, revisión da rúbrica de avaliación, procedementos e documentación a xestionar (15/05/20); incidiuse no seguimento e mellora da coordinación entre titores. Empregáronse formularios para favorecer os trámites e continuouse mellorando a accesibilidade a toda a documentación da materia a través da plataforma moodle.

No referido ao Traballo Fin de Grao, as accións de adecuación no Grao de Educación Infantil son coincidentes cos demais títulos do centro, polo que están recollidas no apartado xeral deste Informe.

Continuando coa valoración deste primeiro criterio é de sinalar o interese do alumnado polo título que reflicten de modo moi satisfactorio as taxas de matrícula de novo ingreso por prescrición (82 estudantes para unha oferta de 75), que segue en alza con respecto a cursos anteriores. Respecto ao acceso e admisión, obsérvase que a nota mínima de acceso descendeu en 0.29 puntos (7.210 fronte a 7.50 do curso académico 2018/19), aínda que a nota media de acceso alcanza 7.94 e supera a meta de calidade establecida polo centro, que se sitúa entre 6-7. En canto aos índices de ocupación experimentaron un incremento de 2.66 puntos (109.33%, fronte a 106.67% do ano anterior), mentres que os de preferencia rexistraron un descenso de -61.33 (112.00% fronte a 173.33 do ano anterior), se ben é certo que seguen a cumprir os obxectivos de calidade do centro ($\geq 80\%$). Os índices de adecuación presentan un descenso de -15.27% (60.90% fronte a 76.25% do ano anterior), situándose en valores de anos precedentes.

A modalidade de ingreso do alumnado no grao de Educación Infantil segue xebrada en dúas vías

principais: por unha parte, o alumnado que se incorpora a través de estudos de Bacharelato LOMCE e ABAU, que neste ano aumentou ata o 50% (41 fronte a 33 do ano anterior) e o alumnado de Formación Profesional de Grao Superior, que descendeu en 14 puntos (35 alumnos fronte aos 49 do ano anterior), polo tanto o 42.68% de nova matrícula. Isto representa algúns desaxustes que serán analizados a partir dos datos das Enquisas de Satisfacción coa titulación, como pode ser a baixa valoración dos horarios.

De analizar a percepción por parte do alumnado, son dúas as fontes de referencia: por un lado os datos das *Enquisas de Avaliación Docente* do profesorado e, polo outro, as *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación*, non de todo coincidentes. No caso das Enquisas de Avaliación Docente do profesorado considerámolas con resultados máis significativos, dado que achegan información máis contextualizada, no sentido de que as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado se refiren a materias e docentes concretos. Pola contra, no caso das Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación teñen como obxecto de avaliación un *constructo* máis ambiguo, como é o conxunto da titulación do grao en Educación Infantil.

Nas *Enquisas de Avaliación Docente* os resultados amosan un alto grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (3,96 sobre 5), mentres que no bloque de planificación e desenvolvemento da ensinanza a valoración media é aceptable (3.14 sobre 5), alcanzándose a meta de calidade asociada. Tamén é de sinalar a valoración concedida polo alumnado á importancia das materias que conforman o plan de estudos para a súa formación (puntuación de 4.38 sobre 5), o equilibrio entre os créditos asignados ás materias e o seu volume de traballo (4.15 sobre 5), así como a coordinación entre o profesorado da materia (4.24 sobre 5). Naqueles ítems referidos á planificación e desenvolvemento docente as puntuacións acadadas oscilan entre un rango que vai do 3.82 a 4.09 sobre 5, polo que se poden considerar moi positivas.

Pola súa parte, as *Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación*, en xeral amosan mellores resultados que en anos anteriores. De feito, a satisfacción xeral do alumnado é de 3.32 sobre 5 e os resultados oscilan entre o 2.89/5 outorgado a “os horarios da titulación” e o 3.59/5 de “a utilidade das prácticas da titulación”. No referido aos horarios da titulación esta relativamente baixa satisfacción non se corresponde co esforzo da coordinación e dos responsables da organización docente senón que, probablemente, sexa máis atribuíble á diversidade de itinerarios que segue o alumnado que valida materias (concretamente 30 ECTS no primeiro curso) e que o obriga a se matricular en materias de 2º e 3º curso. Para garantir o seguimento de todas e cada unha das materias nas que se matricula este alumnado cóntase cun procedemento de cambio de grupo que pretende responder a todas estas circunstancias e favorecer o seguimento presencial das materias.

Por outra parte, obsérvase unha maior satisfacción con respecto ao ano anterior en aspectos como a “orientación académica recibida no plan de acción tutorial” (2.97/5, fronte a 2.14/5, de 2018/19), na “distribución e orde das materias no plan de estudos” (3.18/5 fronte a 2.83/5 do curso anterior) e tamén en “coordinación entre materias do plan de estudos” (2.92/5, fronte a 2.52/5). Este último ítem reflicte en parte os resultados das accións de coordinación interdisciplinar iniciadas xa no curso 18/19 con formación específica para profesorado, coa finalidade de favorecer a percepción da vinculación entre materias por parte do alumnado. Unhas accións formativas que propiciaron a colaboración entre docentes en efemérides como o Día de Rosalía (24 de febreiro de 2019), no que participou profesorado e alumnado de materias das ciencias sociais, do desenvolvemento motor, da expresión musical e da expresión artística, da didáctica das linguas, das novas tecnoloxías e da lingua galega. A isto súmase a participación de docentes de diferentes materias na convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe Servizo, no que se levou a cabo o titulado “Educación transformadora. Da aula á realidade”, con alumnado e profesorado de Educación Infantil, Primaria e

Traballo Social.

Entre outros aspectos a salientar, tamén cabe citar a mellora nos resultados globais do grao de satisfacción das persoas tituladas, que experimentou un incremento de 0.48 puntos (de 2.92 a 3.40). Mellora a satisfacción coa planificación e desenvolvemento do ensino, que alcanza a meta de calidade asociada (≥ 3 sobre 5) e se sitúa en 3.08/5 fronte aos 2.66/5 do ano anterior; sendo os ítems máis valorados a “*Formación adquirida na práctica*” (4.46/5) e a “*Adecuación das tarefas ao perfil profesional e formación*” (4.31/5), mentres que o menos valorado é a “*utilidade da formación recibida para a carreira profesional*” (2.64/5), xunto coas metodoloxías empregadas e a orientación profesional e laboral (2.79/5).

Do mesmo modo son moi satisfactorios os resultados referidos ás prácticas académicas externas, que reflicten uns valores de 4.03/5, así como o grande aumento de número de alumnado que participa en programas de mobilidade internacionais, que pasou de 5 a 17, aínda que neste curso non se computa ningún alumno/a estranxeiro, o que puido ser debido á incidencia da pandemia.

Finalmente, cabe sinalar que neste curso 2019/2020 no Grao de Educación Infantil se puxo en marcha un Plan de Normalización Lingüística, que implica a impartición de alomenos o 50% das materias do título en lingua galega e que está entre os obxectivos estratéxicos considerados pola Xunta de Galicia no vixente Plan Galego de Financiamento Universitario. Deste modo, os docentes do Grao de Educación Infantil comprometéronse nunha alta porcentaxe con este proxecto piloto que, alén de recoñecer o uso do galego xa consolidado no grao, tamén está a animar á reflexión e participación activa de docentes que ata ese momento non tiñan reparado na cuestión lingüística. Para favorecer o correcto uso da lingua realizáronse accións formativas como o *Curso de ferramentas e dúbidas en galego para docentes*, celebrado o 25 de outubro de 2019, así como tamén se ofreceu a posibilidade de tradución por parte de profesionais dos materiais docentes das materias que o precisen, e que se irán implantando de modo paulatino.

Puntos débiles detectados:

- Coordinación entre materias.
- Enfoque práctico das materias e adecuación ao perfil profesional

Accións de mellora a implantar:

O afrontamiento destes puntos débiles abórdase a través das propostas de mellora que se expoñen de forma global para os catro graos do centro. Poden consultarse nas P.M. de Centro.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(graos)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matriculación de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

3.1.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón a titulación de Educación Infantil para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo e dos procesos que garantan a súa calidade é altamente satisfactorio, tal e como reflicten as puntuacións, superiores ás do ano anterior, obtidas nas Enquisas de Avaliación Docente. En concreto o ítem: “*A guía docente o programa está dispoñible e é accesible con facilidade*” acadou unha puntuación de 4.33/5 (fronte a 4.13/5 en 2018/19) e no ítem “*A guía docente ou programa da materia recolle os obxectivos, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada*” acadou unha puntuación de 4.24/5 (fronte a 4.03/5 en 2018/19).

Do mesmo xeito, nas Enquisas de Satisfacción coa titulación obsérvase un notable incremento das valoracións en ítems como “*a facilidade para atopar contidos na páxina web*” (3.63/5, fronte 3.04/5 do curso 2018/19) e “*a utilidade da páxina web da titulación*” (3.59/5), resultados aínda máis significativos no caso dos titulados/as, que valoran esta facilidade con 4.23/5. Esta mellora nos resultados é debida, en boa medida, á resposta dada a través dunha acción de mellora efectuada durante o curso 2018-2019, como foi a actualización da interface, da estética da imaxe e a identificación corporativa da páxina web, na que se mantiveron todos os contidos, pero agora cun aspecto máis amigable. A isto súmase que durante o curso 2019/20 se foron incorporando, tal como se recollía na acción de mellora, “*materiais audiovisuais á web da facultade para visibilizar experiencias docentes de carácter aplicado*”, elaborados e publicados durante este curso 2019/20.

Pola contra, o ítem peor valorado é o referido á “*información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas...)*”, con un 2.86/5, cuestión en boa medida allea á propia titulación e dependente doutros organismos da Universidade, como a Vicerreitoría e servizos dela dependentes, como o de Deportes ou Actividades Culturais.

Puntos febles detectados:

Información sobre actividades extracurriculares.

Accións de mellora a implantar:

Impulsar a visibilización das actividades extracurriculares nas redes sociais e na páxina web da facultade, ademais de animar a que todo o alumnado estea dado de alta nas listas de distribución para recibir a información que poida ser do seu interese.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.1.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro, a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das titulacións. Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado sobre a satisfacción co sistema de garantía de calidade acadou un valor de 3.14/5, incrementándose en 0.74 puntos con respecto ao curso 2018/19 (2.40/5). É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) .

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.1.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de satisfacción do alumnado do título co labor docente do profesorado é altamente satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.96/5 nas Enquisas de Avaliación Docente do profesorado. Como principais fortalezas do título o alumnado destaca que “*os coñecementos, habilidades e actitudes propostas na guía docente son desenvolvidas axeitadamente polo profesor/a*” (4.02/5) e que “*as actividades desenvolvidas polo profesor/a se adecúan ao recollido na guía docente*” (4.09/5). O ítem peor valorado ten que ver coas metodoloxías vinculadas á resolución de exercicios, estudos de caso ou seminarios, se ben a puntuación acadada é tamén satisfactoria (3.82/5), valores todos que melloran con respecto ao pasado curso.

No referido ao cadro de persoal, no curso 2019/20 continuaron as melloras en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora, observándose en ambos os casos unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores. En concreto, a porcentaxe de docentes que conta con sexenios de investigación vén aumentando anualmente, situándose no 59.09% (fronte

ao 55% do curso 18/19), así como o persoal que conta co título de doutor, que aumentou en 10 puntos e se sitúa no 65.05%, cualificación que está por enriba da meta de calidade marcada polo centro ($\geq 50\%$).

Pola contra, o perfil contractual do cadro de persoal docente que imparte no Grao de Educación Infantil presenta un alto índice de precariedade dende o punto de vista da estabilidade e o seu grao de vinculación coa institución académica, ademais de seguir experimentando unha baixada no número de docentes. Dos 58 docentes do título (2 menos que no curso 18/19) só teñen vinculación permanente 22 (37.93%), moi por debaixo do obxectivo de calidade do centro que está no 50%. O resto do cadro docente está formado por 4 axudantes doutores, 9 contratados interinos, 1 lector e 21 profesores asociados, datos todos estes que reflicten un descenso continuo do persoal con vinculación permanente, en beneficio de contratados a tempo parcial, o que redundará en sobrecarga de responsabilidades para os primeiros e dificultades de coordinación e falta de dispoñibilidade, en moitos casos, dos segundos, por verse obrigados a compatibilizar diferentes traballos. Porén, a cualificación e implicación do profesorado actual é suficiente para manter os estándares na titulación e alcanzar uns resultados satisfactorios, tal como se veñen analizando neste informe, acordes cos obxectivos do Título.

No referido aos agrupamentos, rexístrase un leve aumento na media de alumnado por grupo de docencia, directamente vinculado co aumento da matrícula, (Grupos A= 58.08; Grupos B= 28.47; Grupos C= 14.01), aínda que isto non dificulta un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias.

A participación do profesorado da titulación en plans de formación segue rexistrando un notable aumento, ao pasar de 15 a 28, moi significativo se o comparamos cos 3 do curso 2017/18. Isto demostra o interese e implicación coa formación continua dos docentes, así como a necesidade de se adaptar ás novas circunstancias derivadas da pandemia e á docencia virtual, necesidades ás que o centro segue dando resposta cun programa específico de formación continua que, xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios etc., organizados de forma habitual na Facultade, neste ano en formato virtual, supoñen unha oportunidade de actualización e de mellora da actividade docente.

A mesma tendencia obsérvase no referido ao persoal de Administración e Servizos (PAS), cuxa porcentaxe de participación en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas experimentou un incremento considerable, 80.46%, fronte ao 66.06% do ano anterior, polo que se supera a meta de calidade asociada (≥ 75).

A satisfacción do alumnado cos Recursos Humanos continúa mellorando, alcanzando unha valoración de 3.54/5, fronte a 3.13/5 do curso pasado, valoración positiva que tamén fan os/as egresados/as, 3.18/5 (fronte a 3.14/5).

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u> I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u>	

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.1.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son adecuados para o correcto desempeño da actividade formativa. Estes recursos están en constante adaptación ás necesidades tecnolóxicas (cobertura da rede wifi, electrificación de aulas, renovación de equipamentos informáticos...) e ás características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...), así como ás necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=58; Grupo B=29; Grupos C=14).

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como moi satisfactorios por parte do alumnado, tal como recollen as enquisas de valoración docente, nas que o ítem “*Penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as.... nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias*” acadou unha valoración de 3.99/5. Na mesma liña, nas Enquisas de Satisfacción coa titulación o alumnado continúa reflectindo unha melloría na valoración con respecto a anos anteriores, ao oscilar a puntuacións nun rango de 3.25/5 a 3.65/5, sendo o máis valorado os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, así como as plataformas de teledocencia e os espazos para o traballo autónomo, fronte ás aulas e o seu equipamento, que experimentou un lixeiro descenso, pero que, en xeral, reflicten uns resultados acordes ao esforzo por implementar melloras nestes espazos tanto físicos coma virtuais.

No referido ás prácticas externas, o grao de satisfacción mostrado polo alumnado en relación á utilidade das prácticas da titulación é elevado, de 3.59/5. As 93 alumnas/os que realizaron o Prácticum no curso 2019/20, distribuíronse en 70 centros, encontrándose entre 1 e 5 estudantes por centro, sendo o máis frecuente a presenza de un único futuro docente de Educación Infantil por centro educativo. O grao de satisfacción mostrado polos egresados en relación á ‘*utilidade das prácticas externas da titulación*’ foi alto, de 4.03/5.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...).

3.1.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O título presenta unha taxa de éxito global do 97%, que se concretiza nunha taxa de éxito por materia que oscila entre o 88.64 % de *Socioloxía da Educación* e o 100% dun bo número de materias, o que sitúa os resultados por enriba da meta de calidade do centro ($\geq 90\%$). Así mesmo, a puntuación media do alumnado unha vez rematados os estudos é de 8.02, o que permite concluír que os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES).

Entre os posibles factores que poderían explicar a elevada puntuación media das persoas egresadas, cabe citar a alta valoración que lles outorgan os titores/as externos na materia de Prácticum (48 dos 240 créditos da titulación) ou a especialización didáctica dos docentes da facultade, de comparala con outros perfís docentes da propia Universidade. Tamén é un factor a ter en conta a nota media do alumnado que accede ao título, a cal ten experimentado unha importante melloría nos últimos anos, ao presentar un rango de puntuacións que vai do 7.23 de alumnado procedente do Ciclo Superior de Servizos Socioculturais e á Comunidade: Integración social ata o 8.85 do alumnado procedente de Bacharelato LOMCE e ABAU.

Nas Enquisas de Avaliación Docente do profesorado o alumnado valora como moi satisfactorios a formación adquirida e os resultados acadados (4.15/5), en particular valora os criterios e sistemas de avaliación e a súa adecuación ao recollido na guía docente (4.22/5). Pola súa banda, a valoración nas Enquisas de Satisfacción coa titulación tamén amosan un alto grao de satisfacción coa formación adquirida, 3.69/5, fronte ao 3.00/5 do curso pasado.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.1.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados dos indicadores do programa formativo en relación á satisfacción e rendemento do alumnado considéranse axeitados en base ás puntuacións globais obtidas, que nas Enquisas de Avaliación Docente do profesorado reflicten unha puntuación total de 3.96/5, mentres que nas Enquisas de Satisfacción do alumnado coa titulación as expectativas formativas acadan un valor de 3.49/5, o que reflicte un considerable aumento con respecto ao curso anterior (de 2.88/5).

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, mellorando, en xeral, os resultados de anos anteriores e alcanzándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas. De modo máis concreto, os datos acadados foron: taxa de rendemento (93%), taxa de abandono (7.55%), taxa de eficiencia (95%), taxa de graduación (73.08%) e taxa de éxito (97%). O aumento de 0.77 puntos na taxa de abandono e os 5 puntos de caída na taxa de graduación puido deberse á complexa situación provocada dende o mes de marzo pola pandemia, aínda que a facultade e a Universidade tentaron por todos os medios axudar ás persoas con máis dificultades para o seguimento das clase en remoto. Isto puido incidir tamén na duración media dos estudos, que se incrementou lixeiramente, de 4.42 a 4.43.

Unha análise máis detallada de cada materia permite concluír que a porcentaxe de éxito é altamente satisfactoria en todas elas, observándose un rango que oscila entre o 91.3% e o 100%, quedando por debaixo deste índice unicamente as materias de *Comunicación: Lingua española* (88.76%), *Socioloxía: Socioloxía da educación* (88.64%), *Psicoloxía: Identificación, prevención e tratamento dos trastornos do desenvolvemento e da conduta* (89.17%) e *Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación* (89.29%), pero cuns índices próximos á meta de calidade do centro (≥ 90).

A taxa de rendemento (93%) é tamén superior á meta de calidade do centro ($\geq 80\%$). A única materia que presenta valores inferiores é o Traballo de Fin de Grao, no que se observa que só un 72.30% dos matriculados se presentaron para seren avaliados, se ben no 100% dos casos conseguiron superar a materia.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

- I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I12: Evolución dos indicadores de resultados
 - ☐ Taxa de graduación
 - ☐ Taxa de abandono
 - ☐ Taxa de eficiencia
 - ☐ Taxa de rendemento
 - ☐ Taxa de éxito
 - ☐ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
- I010-D0: Duración media dos estudos

3.2. Seguimento da titulación: Grao en Educación Primaria

3.2.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

A pesar do escenario excepcional no que se desenvolveu parte do curso 2019-2020 pola situación sanitaria derivada da COVID-19 e, tendo en conta os indicadores e medidas dispoñibles, valoramos satisfactoriamente o desenvolvemento do plan de estudos e os resultados acadados. Estes resultados son froito, en boa medida, do esforzo do profesorado por adaptarse ás directrices do Equipo de Goberno da Universidade e do Equipo Decanal na adopción e adecuación ás circunstancias derivadas da pandemia, coa finalidade de garantir o adecuado cumprimento do plan de estudos, conforme á memoria e planificación previstas. Tamén é de sinalar a implicación do propio alumnado, co que se mantivo un contacto fluído a través de correo electrónico e se lle foron adaptando as tarefas e actividades á teledocencia, primeiro a través de fatic e posteriormente da ferramenta virtual “campus remoto”, no que se desenvolveron as clases síncronas. Isto permitiu continuar coa actividade académica e o cumprimento dos obxectivos docentes (adaptación da programación docente prevista ás metodoloxías non presenciais, así coma as actividades e probas de avaliación), titorización por medios telemáticos (solución de dúbidas, corrección de tarefas etc.). É de sinalar tamén a implicación do persoal de administración e servizos, que colaborou, na medida das súas posibilidades, a prol dun bo desenvolvemento, malia as circunstancias, do curso académico 2019-2020.

Entre os indicadores é de sinalar, en primeiro lugar, a puntuación global do grao de satisfacción do alumnado nas enquisas de avaliación docente 3.86 (fronte a 3.65 do curso 18/19), superándose a meta de calidade asociada a este obxectivo de planificación e desenvolvemento do ensino, o que constitúe un aval á valoración positiva efectuada.

De modo máis específico, e sempre tendo como marco de referencia a Memoria do Título, foron diversas as accións realizadas coa finalidade de favorecer a actualización do plan formativo ofertado. Entre todas elas salientamos polo seu interese diferentes iniciativas vinculadas ao Prácticum e Traballo Fin de Grao que a continuación expoñemos.

Con respecto ao Prácticum, os cambios máis significativos de cara a dotar de maior calidade e relevancia esta materia do Grao de Educación Primaria atinxiron a:

1. Consolidación do cambio do curso anterior da incorporación de docencia en POD da materia Prácticum, asignándolle 10 horas a cada titor/a.
2. Reflexionar sobre a necesidade de melloras no Prácticum dende a perspectiva dos titores/as da Facultade e os titores/as externos.
3. Debater entre o profesorado que titoriza o Prácticum para a posta en común de diferentes aspectos que posibiliten a mellora das: funcións do alumnado durante o período de prácticas; formación específica para titores/as e percepción que dende os centros teñen da formación que o alumnado recibe na Facultade.
4. Revisar e reflexionar sobre a información que se lle fai chegar aos titores/as: normativa,

modelo de ficha de avaliación, modelo de memoria de prácticas, acceso á información por parte do alumnado etc.

5. Posibilitar, en casos excepcionais, a prolongación do período de prácticas para persoas que por motivos de saúde (confinamentos, corentena, peche de aulas....) vexan alterada a súa estadía nos centros educativos.

6. Favorecer que o alumnado poida ter máis dun titor/a no centro para facer prácticas diversificadas que posibiliten entrar en contacto coa realidade socioeducativa e laboral.

7. Avaliar de modo coordinado entre todo o persoal titor.

8. Revisar a normativa do centro que regula as prácticas externas.

9. Actualizar e elaborar novos materias para a xestión das prácticas externas.

10. Continuar coa revisión e actualización da documentación de Prácticum; asignación de titores/as e organización dos seminarios presenciais do curso 19-20; mellora da coordinación entre titoras/es académicos e de centro a través dun “Seminario formativo. A mellora da tutorización do proxecto formativo de Prácticum nos graos de Educación Infantil e Primaria” (19/09/2019) para abordar aspectos organizativos (procedemento de elección de centro, prácticas en contextos educativos diversos, calendario) e tamén formativos (funcións e obrigas, contidos e tarefas e avaliación e seguimento) do Prácticum, que foron abordados en “Observar e avaliar no Prácticum dos graos de Educación Infantil e Primaria” (do 14 de xaneiro ao 12 de xuño de 2020); acordo de asignación de matrículas de honra, revisión da rúbrica de avaliación, procedementos e documentación a xestionar (15/05/20); incidíuse no seguimento e mellora da coordinación entre titores. Empregáronse formularios para favorecer os trámites e continuouse mellorando a accesibilidade a toda a documentación da materia a través da plataforma moodle.

No referido ao Traballo Fin de Grao, as accións de adecuación no Grao de Educación Infantil son coincidentes cos demais títulos do centro, polo que están recollidas no apartado xeral deste Informe.

Continuando coa valoración deste primeiro criterio é de sinalar o interese do alumnado polo título que reflicten de modo moi satisfactorio as taxas de matrícula de novo ingreso por prescrición (81 estudantes para unha oferta de 75), que segue en alza con respecto a cursos anteriores. Respecto ao acceso e admisión, obsérvase que a nota mínima de acceso aumentou en 0.32 puntos (8.140 fronte a 7.82 do curso académico 2018/19). En canto aos índices de ocupación experimentaron un incremento de 2.67 puntos (108.00%, fronte a 105,33% do ano anterior), mentres que os de preferencia rexistraron un descenso de -18.67 (152.00% fronte a 170,67% do ano anterior), se ben é certo que seguen a cumprir os obxectivos de calidade do centro ($\geq 80\%$). Os índices de adecuación presentan un descenso de -4.41% (74.07% fronte a 78.48% do ano anterior).

A modalidade de ingreso do alumnado no grao de Educación Primaria é maioritariamente a través de estudos de Bacharelato LOMCE e ABAU (82.28%,). En menor medida outra modalidade de ingreso foron os titulados e tituladas de Formación Profesional de Grado Superior (11.39%).

De analizar a percepción por parte do alumnado, son dúas as fontes de referencia: por un lado os datos das Enquisas de Avaliación Docente do profesorado e, polo outro, as Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación, non de todo coincidentes. No caso das Enquisas de Avaliación Docente do profesorado considerámolas con resultados máis significativos, dado que achegan información máis contextualizada, no sentido de que as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado se refiren a materias e docentes concretos. Pola contra, no caso das Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación teñen como obxecto de avaliación un *constructo* máis ambiguo, como é o conxunto da titulación do grao en Educación Primaria.

Nas Enquisas de Avaliación Docente os resultados amosan un alto grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (4.14 sobre 5), mentres que no bloque de planificación e desenvolvemento da ensinanza a valoración media é mellorable (2.62 sobre 5), non alcanzándose a meta de calidade asociada. Tamén é de sinalar a valoración concedida polo alumnado á importancia das materias que conforman o plan de estudos para a súa formación (puntuación de 4.23 sobre 5) e a dispoñibilidade e accesibilidade da guía docente da materia (puntuación de 4.26 sobre 5). Naqueles ítems referidos á planificación e desenvolvemento docente as puntuacións acadadas oscilan entre un rango que vai do 3.71 a 4.00 sobre 5, polo que se poden considerar moi positivas.

Pola súa parte, as Enquisas de Satisfacción do Alumnado coa Titulación, en xeral amosan mellores resultados que en anos anteriores. De feito, a satisfacción xeral do alumnado é de 3.19 sobre 5 e os resultados oscilan entre o 2.84/5 outorgado a “a coordinación entre as materias do plan de estudos” e o 3.60/5 de “os horarios da titulación”. En relación ao primeiro ítem, a coordinación entre materias, é necesario dar continuidade á implementación das accións de coordinación interdisciplinar que xa se iniciaron no curso 2018/19 con formación específica para profesorado, coa finalidade de favorecer a percepción da vinculación entre materias por parte do alumnado. Unhas accións formativas que propiciaron a colaboración entre docentes en efemérides como o Día de Rosalía (24 de febreiro de 2019), no que participou profesorado e alumnado de materias das ciencias sociais, do desenvolvemento motor, da expresión musical e da expresión artística, da didáctica das linguas, das novas tecnoloxías e da lingua galega. A isto súmase a participación de docentes de diferentes materias na convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe Servizo, no que se levou a cabo o titulado “Educación transformadora. Da aula á realidade”, con alumnado e profesorado de Educación Infantil, Primaria e Traballo Social. Para seguir avanzando neste aspecto continuarase con novas accións de mellora, tal como se recolle neste Informe.

Por outra banda, hai que sinalar a baixa puntuación no ítem referido á orientación académica recibida no plan de acción tutorial (2.87). Con respecto a isto, cómpre destacar o importante esforzo realizado desde este programa subliñando o feito de que malia a situación de confinamento, as accións programadas no plan foron implementadas de acordo ás previsións, agás aquelas que tiveron que ser desenvolvidas a través do campus remoto. De maneira resumida, as accións realizadas organízanse en actividades de acollida, apoio e orientación específica en diferentes formatos segundo as necesidades e obxectivos, desde accións dirixidas a todo o alumnado da Facultade, ata outras orientadas a grupos específicos, como ocorre coa titorización levada a cabo en primeiro, curso no que se fai especial fincapé, co fin de acompañar o proceso de adaptación do alumnado de novo ingreso. Así mesmo, outras accións son individuais, sobre todo as relacionadas co programa de apoio á diversidade (PIUNE). A maiores, o informe detallado de todas estas actividades pode ser consultado no Informe específico do PAT do curso 2019/20 que se atopa na plataforma de evidencias do SGIC.

Finalmente, cabe sinalar que neste curso 2019/2020 no Grao de Educación Infantil se puxo en marcha un Plan de Normalización Lingüística, que implica a impartición de alomenos o 50% das materias do título en lingua galega e que está entre os obxectivos estratéxicos considerados pola Xunta de Galicia no vixente Plan Galego de Financiamento Universitario. Deste modo, os docentes do Grao de Educación Infantil comprometéronse nunha alta porcentaxe con este proxecto piloto que, alén de recoñecer o uso do galego xa consolidado no grao, tamén está a animar á reflexión e participación activa de docentes que ata ese momento non tiñan reparado na cuestión lingüística. Para favorecer o correcto uso da lingua realizáronse accións formativas como o Curso de ferramentas e dúbidas en galego para docentes, celebrado o 25 de outubro de 2019, así como tamén se ofreceu a posibilidade de tradución por parte de profesionais dos materiais docentes das materias que o precisen, e que se irán implantando de modo paulatino.

Puntos débiles detectados:	Accións de mellora a implantar:
- Orientación académica recibida no plan de acción tutorial. - Coordinación entre materias.	- Aumentar as canles de difusión das accións formativas realizadas, de xeito que se divulguen por tres vías: listas de difusión, correo electrónico (a través dun docente de contacto por curso) e grupo de whatsapp (a través dos delegados/as de curso e clase). - O afrontamiento deste punto débiles abórdase a través das propostas de mellora que se expoñen de forma global para os catro graos do centro. Poden consultarse nas P.M. de Centro.
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación	

3.2.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón o Grao de Educación Primaria para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Educación Primaria, é satisfactorio, tal e como se reflicte nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, bloque 2: información e transparencia (3.24/5). O futuro profesorado de Educación Primaria valora moito *“a accesibilidade de información sobre a titulación na web”* (3.55/5) e a *“utilidade da mesma”* (3.60/5). Esta mellora nos resultados é debida, en boa medida, á resposta dada a través dunha acción de mellora efectuada durante o curso 2018-2019, como foi a actualización da interface, da estética da imaxe e a identificación corporativa da páxina web, na que se mantiveron todos os contidos, pero agora cun aspecto máis amigable. A isto súmase que durante o curso 2019/20 se foron incorporando, tal como se recollía na acción de mellora, *“materiais audiovisuais á web da facultade para visibilizar experiencias docentes de carácter aplicado”*, elaborados e publicados durante este curso 2019/20.

Analizado este punto a partir das enquisas de avaliación docente (EAD) encontramos puntuacións

todavía máis elevadas, con puntuacións que oscilan entre 4,14/5 ("A guía docente ou programa da materia recolle os obxectivos, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada") e 4.26/5 ("A guía docente o programa está dispoñible e é accesible con facilidade").

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.2.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Dado que os protocolos de calidade son xerais para todo o centro, a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das titulacións. Non obstante, o único dato específico dispoñible en relación á avaliación do alumnado sobre a satisfacción co sistema de garantía de calidade acadou un valor de 3.11/5, o que semella indicar que, se ben é preciso continuar traballando, o nivel de satisfacción do alumnado é aceptable. De xeito máis específico, vese necesario mellora o punto referido as vías de participación na mellora da titulación: Caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), participación en comisións, comunicación cos responsables académicos etc. É de salientar que a Comisión de Garantía de Calidade ten acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral. A súa vez enténdese que esta comisión é considerada como un foro dinámico e aberto ao contorno, capaz de identificar as debilidades e fortalezas do centro e as súas titulacións e, en consecuencia, proporcionar medidas de mellora e cambio que están contribuindo nun aumento da calidade do funcionamento de todo o contexto educativo.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)
E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

15: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.2.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de satisfacción do alumnado do título co labor docente do profesorado é altamente satisfactorio, acadando unha puntuación de 3.89/5 nas enquisas de avaliación docente do profesorado. Como principais fortalezas do título o alumnado destaca que “*os horarios da titulación*” (3.60), “*a utilidade da páxina web da titulación*” (3.60) e a “*facilidade para atopar contidos na páxina web*” (3.55). Pola contra, as principais debilidades teñen que ver ca “*coordinación entre as materias do plan de estudos*” (2.84), “*o cumprimento das túas expectativas formativas*” (2.86) e “*a orientación académica recibida no plan de acción tutorial*” (2.87).

En relación coa adecuación do persoal académico do título, hai que destacar que o 57.63% do equipo docente ten o título de doutoramento, dato que supera ó establecido como obxectivo de calidade do centro ($\geq 50\%$). Tamén cómpre mencionar o leve descenso do cadro de persoal en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora, observándose en ambos os casos unha lixeira caída con respecto ao curso anterior. En concreto, a porcentaxe de docentes que conta con sexenios de investigación diminuíu do 68.42% do curso pasado ao 64.71% no presente ano académico, con todo séguese situando por riba claramente do establecido como obxectivo de calidade do centro ($\geq 40\%$).

Pola contra, o perfil contractual do cadro de persoal docente que imparte no Grao de Educación Primaria presenta, en relación á cursos anteriores, un retroceso e precariedade dende o punto de vista da estabilidade e o seu grao de vinculación coa institución académica. Dos 59 docentes do título só teñen vinculación permanente 17 (28.8%), porcentaxe moi por baixo do obxectivo de calidade do centro ($\geq 50\%$).

O resto do cadro docente a tempo completo está formado por: 7 axudantes doutores, 1 contratado predoutoral e 2 ligados a dous proxectos de investigación. Ademais, a tempo parcial, hai 19 profesores asociados e 3 docentes procedentes doutras fontes (listas de agarda, invitados ou visitantes). Tal e como se indicou en cursos anteriores, obsérvase un descenso continuo do persoal con vinculación permanente, en beneficio de contratados a tempo parcial, o que redunda en sobrecarga de responsabilidades para os primeiros e dificultades de coordinación e falta de dispoñibilidade dos segundos.

Non obstante a cualificación e implicación do profesorado é suficiente para manter os estándares na titulación, permitindo alcanzar uns resultados satisfactorios, acorde cos obxectivos do Título. Existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo as características das distintas materias. Cabe destacar como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño Grupo A=55; Grupos B=29 e Grupos C=14), datos moi semellantes aos do curso académico 2018-19.

Os datos rexistrados pola Universidade de Vigo neste curso sobre a participación do profesorado da

titulación en plans de formación incrementouse notoriamente, pasando de 17 a 26 docentes que participaron en diversas accións formativas ao longo do curso académico. Ademais, o centro ofrece un programa específico de formación continua que xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade supoñen unha oportunidade de actualización e de mellora da actividade docente.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicad. de mobilidade (nº, % de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.2.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Na Facultade cóntase con recursos materiais, infraestruturas e servizos suficientes e adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa, que de forma continua vanse adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación das aulas, actualización de equipos informáticos, cobertura da wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=55; Grupos B=29 e Grupos C=14). Neste criterio cómpre sinalar a rápida resposta dos servizos informáticos da UVigo ante a situación de confinamento poñendo ao dispor dos docentes e o alumnado un Campus Remoto de gran versatilidade e que dispón de abundantes recursos tecnolóxicos para facilitar a docencia en liña. As plataformas Faltic e Moovi constituíron tamén un apoio relevante para conseguir unha adaptación satisfactoria a esta situación. A resposta da Facultade fronte a nova situación foi tamén satisfactoria prestando apoio formativo e asesoramento a aqueles docentes que non dispoñían das competencias tecnolóxicas necesarias para o uso destas ferramentas.

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como satisfactorios por parte do alumnado (3.93/5) nas enquisas de avaliación do profesorado (EAD), concretamente no ítem “*penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as.... nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias*”.

Doutra banda, analizando as enquisas de satisfacción coa titulación atopamos puntuacións que oscilan entre 2.96, *“As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia”*, e 3.50, *“Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e ou seu equipamento; e espazos para ou traballo autónomo”*. É probable que a puntuación atribuída ás plataformas de Teledocencia e ferramentas multimedia estea afectada pola repentina necesidade de uso exclusivo destas ferramentas para a docencia e a avaliación do ensino. Iso requiriu un proceso de adaptación por parte dos docentes que seguramente motivou o lixeiro descenso da puntuación con respecto a cursos anteriores.

Para rematar este apartado, é importante subliñar a continuidade dunha ampla rede de centros educativos para a realización das prácticas curriculares. O desenvolvemento das mesmas non se viu afectado pola situación de confinamento, posto que no momento de decretarse a alarma sanitaria as horas presenciais en centros escolares xa finalizaran. Neste senso e ao fin dos cursos anteriores, o grao de satisfacción do alumnado coas prácticas externas conta cunha valoración positiva, 3.86/5.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.2.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES). Segundo a análise realizada, a taxa de éxito global do título (99%) tivo un incremento respecto dos cursos pasados situándose por riba do 90% recollido nos obxectivos de calidade do centro. Analizadas por materia, as taxas de éxito están entre o 95 e o 100%, encontrando só 1 materias por debaixo (*“Didáctica da lingua e literatura: Galego”*) aínda que moi próxima (89.47%), da meta de calidade do centro ($\geq 90\%$). Do mesmo xeito a cualificación media do alumnado que finaliza la titulación e moi satisfactoria, observándose un importante incremento respecto ao anterior, acadando unha puntuación de 7.79 fronte a 7.3 do curso académico 2018/19. Entre os posibles factores que poderían explicar a elevada puntuación media das persoas egresadas, cabe citar a alta valoración que lles outorgan os titores/as externos na materia de Prácticum (48 dos 240 créditos da titulación) ou a

especialización didáctica dos docentes da facultade, de comparala con outros perfís docentes da propia Universidade.

Analizados os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación, o bloque 6: Resultados de aprendizaxe, ten unha valoración media satisfactoria (3.03/5). Al igual que el pasado curso, neste bloque o futuro profesorado valora positivamente “a formación adquirida: coñecementos e contidos” (3.19/5) mentres que diminúe a súa valoración no “cumprimento das expectativas formativas” (2.86/5).

Doutra banda, nas enquisas de avaliación docente do profesorado (EAD) o bloque referido a resultados de aprendizaxe, a valoración media incrementábase lixeiramente respecto o anterior curso (3.86/5). As puntuación dos diferentes ítem do bloque son claramente positivas, situándose entre 3.81/5 “o profesorado facilitou a miña aprendizaxe (mellora de coñecementos, competencias, habilidades) descritos na guía docente” e 3.90/5 “En xeral, estou satisfeito/a coa labor docente deste/a profesor/a”.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)	

3.2.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución de alumnado de novo ingreso continúa sendo positiva, como se deriva da taxa de ocupación (108.00%) e do elevado número de prescricións en primeira opción (taxa de preferencia de 152.00%), en ambos casos superando claramente os obxectivos de calidade do centro ($\geq 80\%$). Unicamente a taxa de adecuación é un pouco máis baixa 74.07%.

En canto ás taxas de rendemento en xeral, os resultados acadados son altamente satisfactorios, mellorando, en xeral, os resultados de anos anteriores e alcanzándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas. De modo máis concreto, os datos acadados foron: taxa de rendemento (95%), taxa de eficiencia (95%) e taxa de éxito (99%), cumprindo todas elas os obxectivos de calidade de centro (rendemento $\geq 80\%$, eficiencia e éxito $\geq 90\%$), ademais diminuíu a taxa de abandono (8.14%), achegándose igualmente aos obxectivos de calidade (abandono $\leq 20\%$). Tamén sinalar un leve descenso da taxa de gradación (75,00%). Analizadas por materia, as taxas de éxito sitúanse nun rango entre 95-100% e as de rendemento entre 91-100%, todas elas cumprindo os obxectivos de calidade do centro. A duración media dos estudos aumento nunhas décimas respecto

a cursos anteriores pero continúa encontrándose próxima aos catro cursos nos que se estrutura o título (4.36).

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

☐ Taxa de graduación

☐ Taxa de abandono

☐ Taxa de eficiencia

☐ Taxa de rendemento

☐ Taxa de éxito

☐ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

3.3. Seguimento da titulación: Grao en Educación Social

3.3.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O segundo cuatrimestre do curso 2019-2020, estivo marcado pola inusual situación da pandemia por Coronavirus. A pesar delo, o programa formativo “Grao en Educación Social” tense implantado de forma satisfactoria conforme ao plan de estudos establecido no devandito documento, e non se detectaron incidencias importantes, o que posibilitou a axeitada adquisición de competencias por parte do alumnado matriculado no grao en Educación Social.

Existen numerosas evidencias recollidas na memoria do título que dan conta do interese científico, profesional e académico do grao en Educación Social e da súa adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras a partir das necesidades que teñen sido detectadas. Máis alá diso, existen referentes externos que avalan a adecuación do mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas doutras facultades de educación galegas e españolas. Entre estas pódense destacar:

- No cadro de persoal docente do Grao en Educación Social participan numerosos profesionais coa titulación de diplomado/a u graduado/a en Educación Social que exercen a súa labor profesional como Educadoras/es Sociais en diferentes ámbitos da intervención, o que axuda a recoñecer as demandas de formación deses e doutros ámbitos, o que supón unha conexión directa e actualizada co ámbito da intervención, e contribúen a conexión da universidade coa sociedade.
- Membros da equipa de goberno da facultade e responsables do Grao en Educación Social, participan con regularidade e de xeito activo na Conferencia de Decanas/os das Facultades de Ciencias da Educación (co fin de crear un foro de debate e intercambio aberto a todas as universidades españolas sobre temas de interese para as titulacións universitarias de educación.
- Dende a coordinación do título, en concordancia coa política da facultade, é habitual que se invite a participar en reunións e foros de discusión a xestores e profesionais do campo socio-educativo en activo (moitos deles titores ou xestores dos centros de prácticum) que, ademais de orientar ao alumnado nas posibles saídas laborais, permite ao equipo docente coñecer os requirimentos profesionais.
- Seminarios e grupos de traballo realizados con docentes doutras universidades para analizar e revisar a actualidade dos contidos do título para facer fronte ás novas esixencias profesionais.
- Contactos informais con egresados/as que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional.
- Ademáis, dende a súa creación existe unha fluída relación co Colexio Oficial de Educadoras e Educadores de Galicia (CEESG) e con outras organizacións profesionais galegas e estatais, o que permite coñecer as demandas formativas destes colectivos.

A demanda de estudantes de novo ingreso situouse no presente curso 2019-2020 en 78 estudantes (para unha oferta de 75 prazas), lixeiramente superior o curso anterior e manténdose, por tanto, os índices de ocupación e de preferencia con respecto ao curso pasado. Tamén se manifesta un aumento progresivo da nota media de acceso nos tres últimos cursos, mellorando a nota respecto o anterior curso, pasando do 7,44 no curso 2018-2019 o 7.78 no curso 2019-2020, dato que avala o interese do alumnado polo título. Para o Grao en Educación Social, no curso 2019-20 a taxa de ocupación foi do 108%, a de preferencia foi de 106.67% e a de adecuación foi de 67.90%, mellorando

significativamente estes índices.

Si analizamos os estudos de acceso do alumnado, os colectivos máis numerosos son os estudantes que proceden de ciclos de formación profesional (50.63), seguidos de Bacharelato e ABAU (46.83%).

Respecto as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación e a de avaliación docente, observamos que os seus resultados son satisfactorios en ambas, acadando puntuación (nunha escala de 1 a 5) de 3.06 e 4.07 respectivamente.

As enquisas de avaliación docente achegan información máis pormenorizada, pois as puntuacións outorgadas a cada ítem polo alumnado refírense a materias e docentes concretos. Pola contra, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación teñen como obxecto de avaliación un constructo máis ambiguo e menos específico: o conxunto da titulación do Grao en Educación Social. Os resultados de ambas as enquisas non sempre son coincidentes, pois máis aló das singularidades antes comentadas, difíren tamén respecto o número de estudantes que responden; así, para ás enquisas de avaliación docente son respostadas por un maior número de alumnado, e por tanto son en certo modo máis representativas do alumnado do Grao en Educación Social.

Centrándonos na análise dos resultados das enquisas de avaliación docente da titulación, resaltar que a maioría dos indicadores superan o valor 4 sobre 5, ou no seu defecto están moi próximos. Entre os aspectos da organización, é salientable a valoración media concedida á A coordinación entre o profesorado da materia é axeitada (ítem 1.5) que acada unha puntuación de 4.36/5. O alumnado amósase tamén altamente satisfeito co ítem 1.3 “A guía docente da materia o programa esta dispoñible e é accesible con facilidade” cun valor medio de 4.33/5. Pola contra o ítem menos valorado é o 4 relativo a “O/A profesor/a favorece a participación e motivación do alumnado no desenvolvemento das actividades da materia” que acada unha puntuación de 3.94/5, que aínda así é unha valoración claramente positiva.

As enquisas de satisfacción do alumnado coas titulacións amosan resultados menos favorables. Probablemente, esté influindo por dous aspectos, por unha parte debido a baixa participación neste curso (só 11 alumnos/as contestaron, o que representa 13.92%) e, por outra, a situación vivida durante a pandemia, pois no segundo cuatrimestre do curso pasado moitos alumnos/as de educación social tiveron dificultades para adaptarse a teledocencia, por falta de recursos materiais o ben por dificultades ca conexión a internet, e probablemente este alumnado participou en maior medida que o alumnado máis satisfeito. Entre os ítems peor valorados está o relativo “As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (2.5/5) e “A información sobre as actividades extracurriculares (culturais, deportivas,...)” (2.33/5), que acadan puntuacións moi baixas. Pola contra, como ítems mellor valorados destacan a utilidade da páxina web da titulación (3.50/5) e a formación adquirida 3.45/5.

Mais aló de que debemos ter unha actitude de vixilancia sobre a este respecto e facer a autocrítica pertinente, a baixada na satisfacción do alumnado parece estar relacionada, cos efectos da pandemia e adaptación a un novo escenario, mudando o sistema de docencia presencial a teledocencia.

Puntos débiles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Reforzamento da coordinación entre materias e o enfoque práctico das mesmas mediante propostas de mellora que se expoñen de forma global para os catro graos do centro. Poden consultarse nas P.M. de Centro.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(graos)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matriculación de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.3.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Si temos en conta os resultados das enquisas de avaliación docente e de satisfacción do alumnado, podemos concluír que os mecanismos dos que dispón a titulación de Educación Social para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa formativo é altamente satisfactorio. Así, tal e como reflicten as puntuacións obtidas nas enquisas de avaliación docente do profesorado, en concreto ao ítem: “A guía docente (o programa) está *dispoñible* e é accesible con facilidade”, asígnanlle unha puntuación de 4.49/5. Así mesmo, o alumnado outórgalle unha puntuación de 4.40/5 ao ítem: “A guía docente ou programa da materia *recolle os obxectivos*, metodoloxía, bibliografía, sistema de avaliación... de forma comprensible e detallada”. Datos que no seu conxunto son similares e incluso melloran as do curso anterior.

Aínda que algo máis baixas, as puntuacións das enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación tamén poden considerarse satisfactorias. en concreto, as puntuacións obtidas foron as seguintes: un 3.50/5 para a *utilidade* da información sobre a titulación publicada na web e de un 3.21/5 para a *utilidade* da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...).

Dentro desta enquisa de satisfacción do alumnado, destaca a puntuación no ítem 10 “A información sobre as actividades extraescolares (actividades culturais, deportivas, sociais, ...), que no curso anterior acadou unha puntuación de 3.27 e que no presente curso baixou a 2.47, o que supón un motivo de preocupación pois as accións de mellora emprendidas no curso 2018/2019 parece que no foron suficientes neste curso, ou ben estiveron afectadas pola situación da pandemia, pois a maioría do descontento do alumnado nesta enquisa parece ir na mesma dirección, deficiente información. Non obstante, aínda que se recoñece que a información sobre eses temas non é responsabilidade directa da Facultade, trataremos de dinamizar e facer o máis eficientemente posible a difusión da información, no seguintes cursos.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.3.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O Sistema e os Protocolos de calidade son comúns para todo o Centro, polo que a reflexión sobre este criterio será efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións que se imparten na Facultade de Ciencias da Educación.

É de salientar que dende a Facultade, se ten feito un esforzo para que a Comisión de Garantía de Calidade teña acadado unha presenza e relevancia cada vez maior na vertebración dos procesos para a Mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC.

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.3.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Para responder a este criterio, basearemos a reflexión en tres aspectos: a satisfacción do alumnado coa labor do profesorado e do PAS; as características do cadro de persoal docente na titulación; e a cualificación dos docentes e do PAS do título.

En canto ao primeiro punto (referido á satisfacción do alumnado), consideramos salientable o “grao de satisfacción xeral do alumnado do título co labor docente do profesorado” que é moi satisfactorio, acadando unha puntuación de 4. 19/5 nas enquisas de avaliación docente do

profesorado, puntuación que se sitúa por riba da media do centro, da rama e da universidade. Ademais como principais fortalezas, na referida enquisa, destacan tamén que: “as actividades desenvolvidas polo profesorado se adecúan ao recollido na guía docente” (4.05/5); “O/a profesor/a aplica dun modo axeitado os criterios de avaliación recollidos na guía docente (ou programa)” con un 4.20/5; “O nivel de esixencia (cualificación...) axústase ás aprendizaxes acadadas” con 4.23/5; “os coñecementos, habilidades e actitudes propostas na guía docente son desenvolvidas axeitadamente polo profesor/a” (4.16/5); e que “A coordinación entre o profesorado da materia e axeitada” (4.19/5). Todos estes indicadores son altos e concordantes e reflicten o esforzo realizado pola xunta de titulación, calidade e o centro.

Polo que se refire a valoración dada polo alumnado á atención persoal do PAS na enquisa de satisfacción do alumnado coas titulacións é boa, obtendo unha puntuación no ítem “a atención do persoal de administración e servizos do centro” de 3.80/5, unha das puntuacións máis elevadas nesta enquisa.

Respecto as características do cadro de persoal docente (PDI) hai que recoñecer que o perfil contractual do cadro de PDI que imparte docencia, no Grao de Educación Social, non avanzou apenas nos últimos dous cursos respecto á situación existente no curso 2017-18: o profesorado a tempo completo e o de vinculación permanente sufriu un lixeiro descenso respecto os anos anteriores. Este descenso, pódese explicar por factores externos ás políticas de contratación do centro e da propia Universidade de Vigo, pois se debe fundamentalmente os efectos da crisis económica (taxa de reposición, xubilacións, paralización de novas convocatorias de profesorado permanente...). En base a estes datos, o cadro de profesorado está representada por un total de 45 docentes, dos cales un 55.5% exerce a tempo parcial e un 44.5% a tempo completo, mentres a vinculación permanente é só do 15.55%. Este un aspecto que debería mellorarse nos próximos anos, pero que non depende das políticas do centro, ni directamente da propia universidade de Vigo, como antes mencionamos.

En terceiro lugar, respecto á *cualificación do PDI e PAS* do título, a pesar do indicado anteriormente, a cualificación e a implicación do profesorado coa docencia no Grao en Educación Social son as apropiadas para acadar os estándares esperados na titulación, permitindo lograr uns resultados satisfactorios, acordes cos obxectivos do Título. Máis do 65.0% do profesorado acadou o grao de doutor/a. Ademais, unha boa parte de docentes teñen formación en Educación Social (Diplomatura ou Grao) e/ou tamén teñen experiencia laboral como educadoras/es sociais en diferentes ámbitos da intervención. Todo isto dá lugar a unha investigación e unha docencia enfocadas máis claramente cara os obxectivos e intereses da Educación Social.

Neste mesmo sentido, tamén son de salientar as melloras do cadro de persoal PDI en canto ao seu nivel de cualificación e resultados da avaliación da actividade investigadora: en ambos casos produciuse unha mellora significativa con respecto a cursos anteriores, en concreto, a porcentaxe de docentes con *sexenios* de investigación aumentou respecto os tres últimos cursos. É destacable que o 88.89% dos docentes con dereito a solicitude de sexenios, conta, cando menos, con un tramo avaliado positivamente.

Respecto do Persoal de Administración e Servizos (PAS) de apoio no Centro, a porcentaxe da súa participación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas é alto: no curso 2018-19 acadou o 80,46% do total.

No centro cóntase ademais cun programa específico de *formación continua do profesorado* que, xunto coas conferencias, xornadas, talleres, simposios, etc. organizadas de forma habitual na Facultade, ofrecen oportunidades de actualización e de mellora da actividade docente. En torno o 44.4% do total do profesorado participou no curso 2019-20 en cursos de formación continua,

porcentaxe que se elevou o 100% no caso de profesorado a tempo completo. Por outra parte, existe coherencia entre a planificación e as competencias que se pretenden desenvolver e os sistemas de avaliación utilizados, así como nos agrupamentos do alumnado que permiten un desenvolvemento adecuado das actividades académicas e das metodoloxías docentes necesarias, atendendo ás características das distintas materias.

Finalmente, cabe destacar tamén como satisfactorio o tamaño medio dos grupos de docencia (tamaño do Grupo A=61.46%; tamaño do Grupo B=21.05%).

Puntos febles detectados:

Incrementar o nivel de participación do profesorado e do PAS en accións formativas.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción

do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.3.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Facultade de Ciencias da Educación de Ourense conta con recursos materiais, infraestruturas e servizos adecuados para o correcto desenvolvemento da actividade formativa. Ademais, de forma continua véñense adaptando as necesidade tecnolóxicas (electrificación, ordenadores, wifi...) e as características e especificidades das distintas materias (laboratorios, aulas TIC, ludoteca...) así como as necesidades metodolóxicas e aos distintos agrupamentos do alumnado (Grupo A=61.46%; Grupo B=21.05%).

No curso 2019-2020, é destacable a inversión que fixo a universidade e o centro, para equipar e dotar de ferramentas tecnolóxicas e equipos que permitiran a docencia telemática, mixta (aulas integra). A si mesmo, algún departamento (como o X01- Análise e Intervención psicosocioeducativa) contribuíu a este esforzo dotando o profesorado da titulación de cámaras webs, equipos de son e

auriculares para equipar ou mellorar a ferramentas de traballo necesarias para a docencia telemática.

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como moi satisfactorios por parte do alumnado, ao acadar unha puntuación global de 4.19/5 no ítem “penso que as condicións (espazo, equipamento, material, número de alumnos/as.... nas que se desenvolve a docencia desta materia son satisfactorias”. Esta satisfacción é similar para as clases teóricas (4.24/5) e para as prácticas, laboratorios e talleres (4.18/5).

Un nivel máis baixo de satisfacción detéctase na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación. Así, amosan unha satisfacción global de 3.10/5 no bloque 5 de Recursos Materiais e servizos, que se detalla do seguinte modo: unha satisfacción de 2.50 coa plataforma de teledocencia; unha puntuación de 3.36 para os espazos destinados ao traballo autónomo (ex., biblioteca) e o seu equipamento; un valor de 3.36 para as aulas e o seu equipamento; e un 3.20 para laboratorios e aulas de informática e o seu equipamento.

Tamén hai que subliñar que se conta con unha ampla rede de institucións para a realización das prácticas curriculares (Prácticum I de 12 ECTS e Prácticum II de 18 ECTS), institucións coas que a Universidade establece os correspondentes convenios. Esas institucións están situadas nas catro provincias galegas, en especial nas de Pontevedra e Ourense (provincias de orixe da maioría do alumnado da titulación de Educación Social) e abarcan tódolos ámbitos de intervención da Educación Social, tanto os tradicionais como os emerxentes.

No curso 2019-20, foron numerosos os centros e institucións nas que as/os estudantes realizaron as súas Prácticas externas curriculares, en total 68. Na maioría desas institucións (29) só fixo as prácticas un/unha alumno/a por institución; outras 26 institucións recibiron (cada unha delas) 2 estudantes; outras 13 institucións recibiron (cada unha) 3 ou máis estudantes. É salientable, a colaboración extraordinaria e o esforzo realizado polo profesorado que titoriza o prácticum e a colaboración das institucións que acollen o prácticum, nunha situación tan complexa como a xerada pola pandemia por o coronavirus SARS-CoV-2.

Finalmente (como xa se indicou no criterio anterior) o tamaño medio dos grupos de docencia foi de 63.23% para os Grupos A, e de 19.58% para os Grupos B.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares. E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas I11: N° de alumnado por centro de prácticas. I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	

3.3.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

En base as evidencias, os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES.

O alumnado valora como moderadamente satisfactorios os resultados da aprendizaxe (bloque 6 da enquisa de satisfacción), dándolle unha valoración global de 3.18/5, Esta puntuación global concrétese nunha valoración de 3.45 na formación adquirida, e nunha valoración de 2.93 no cumprimento das súas expectativas formativas. Os datos da enquisa revela datos moito máis favorables, e en xeral o alumnado considera “estou satisfeito co labor docente deste/a profesor/a” 4.08. É xusto destacar que a primeira enquisa foi respostada polo 13.92% do alumnado, mentras que esta segunda foir cumprimentada polo 40.74% do alumnado.

Os indicadores de resultados son os seguintes: a taxa de éxito global é altamente satisfactoria (99%), oscilando as distintas materias entre o 87.5% e o 100%; tamén é satisfactoria a duración media dos estudos (4.64 anos) e a nota media ao final da carreira (7.77). Tamen é destacable a nota de mínima de acceso que se viu incrementada nestes tres anos pasando do 6.08 no curso 2017-2018 o 6.77 no presente curso.

Entre os factores que poderían explicar as elevadas puntuacións indicadas nas anteriores taxas e media final das persoas graduadas (73.4%). Algunhas delas expóñense de seguido. Unha causa pode deberse á elevada valoración (por parte dos títos externos) na materia de Prácticum I e II (con 30 ECTS dos 240 do Grao), o que condiciona de xeito decisivo a nota final acadada polos estudantes nesta materia e a media do expediente. Outra posible causa da taxa de éxito podería deberse ao peso que a avaliación continua e os traballos teñen para a nota final das materias: deste xeito, resulta máis alcanzable obter unha avaliación final positiva que cando a nota depende só (ou na súa gran maioría) do exame final. Por termino medio a nota de exame supón entre un 40% e o 60% da nota final.

Unha materia que viña preocupándonos nos últimos anos era o Traballo de Fin de Grado (TFG), que tiña unhas taxas de alumnado no presentado moi altas, motivo polo que se introduciron propostas de mellora que parecen estar dando o seus resultados. Dous datos convén resaltar: a taxa de éxito do curso 2019-20 foi do 100%, o que nos indica que o curso pasado aprobaron as/os 82 alumnas/os que presentaron o seu TFG (25 mais que no curso anterior); sen embargo, houbo 31 estudantes non matriculados do TFG que, finalmente, non se presentaron en ningunha das catro convocatorias que lles ofreceu a Facultade ao longo do citado curso, en todo caso foron 21 alumnos menos que no curso anterior. Estes datos parecen avalar as medidas introducidas no curso 2018-2019, cando se decidiu implantar un novo procedemento para a defensa do traballo fin de grao, implementando un novo sistema de tribunais unipersoais, de tal xeito que é o propio titor, en acto público, o que procede a examinar os alumnos/as, contemplado no novo regulamento de TFG aprobado na xunta de centro, en xullo de 2019.

Puntos febles detectados:

Ainda que a taxa de graduación (73.4%) está moi por enriba do obxectivo de calidade (>50%), pretendemos seguir mellorando a taxa de graduación, para elo continuaremos a

Accións de mellora a implantar:

Ainda que os resultados son altamente favorables, consideramos mater a acción de mellora formulada o curso 2019-2020, que incidía no TFG, unha materia que supón un dos principais obstáculos para

fase de implementación e análise do novo regulamento de TFG, tendo en conta que esta materia e un dos principais atrancos para a graduación do alumnado.	a graduación neste título: <u>Implementar e analizar o novo regulamento de TFG</u>
Evidencias nas que se baseou a valoración: E4: Guías docentes das materias E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación) E25/: Informes de cualificación por materia EA11: Informes de prácticas.	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia).	

3.3.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Si temos en consideración o nivel de satisfacción do alumnado co programa formativo e os indicadores de rendemento do alumnado, podemos concluír que estes son moi axeitados.

A puntuación total final das enquisas de avaliación docente do profesorado reflicten unha puntuación de 4.108/5. En consonancia co sinalado anteriormente, as enquisas de satisfacción do alumnado coa titulación reflicten unha puntuación lixeiramente máis baixa (3.06), aínda aceptable.

As taxas (de rendemento, abandono, eficiencia, graduación e éxito) son altamente satisfactorias, acadándose en todos os indicadores as metas de calidade establecidas, de xeito máis concreto, os datos acadados foron: taxa de abandono (7.04%); taxa de eficiencia (94%) e taxa de graduación (73.44%); taxa global de éxito de 99%, oscilando as distintas materias entre o 87.5% e o 100%; taxa global de rendemento do 93%, con valores por materias entre o 72.5% do TFG (xa comentado no Criterio 6 “Resultados de aprendizaxe) e o 100% acadado en cinco materias.

En canto á evolución destes índices, ao longo dos tres últimos cursos as taxas de rendemento oscilaron entre o 90% no curso 2017-2018 e o 93% actual; as de eficiencia baixaron lixeiramente do 95% o 94% actual; e as de éxito subiron pasando do 97% o 99% do curso actual. As taxas de graduación non foron uniformes nos tres anos, oscilando entre o 56.16% no curso 2017-18, o 75.34% do curso 2018-19 e do 73,44% no curso 2019-2020. Finalmente, as taxas de abandono tamén foron variables nos tres últimos, así no curso 2017-18 a taxa foi do 7.81%, no 2018-2019 do 11.94% e no 2019-2020 do 7.04%. En conxunto todos estes datos deben ser interpretados de xeito favorable, si temos en conta os indicadores previamente establecidos.

Como xa se indicou no Criterio 6, a duración media da carreira para o alumnado do Grao en Educación Social que rematou os seus estudos no curso 2018-19 foi de 4.85 anos e a súa nota media foi de 7.66., lixeiramente mais baixa que nos cursos 2017-218 e 2016-2017, que foron de 7,78 e 7,88 respectivamente.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados □ Taxa de graduación □ Taxa de abandono □ Taxa de eficiencia □ Taxa de rendemento □ Taxa de éxito □ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-DO: Duración media dos estudos	

3.4. Seguimento da titulación: Grao en Traballo Social

3.4.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustificuen a valoración:

O programa formativo está a posibilitar a correcta adquisición de competencias por parte do alumnado segundo o establecido na memoria verificada do título. Neste período o máis destacable foi a necesidade sobrevida de adaptación á docencia virtual no segundo cuadrimestre orixinada pola pandemia da Covid-19 e a situación de confinamento inesperado que supuxo. Tanto desde o conxunto da Universidade de Vigo, como desde a Facultade, e os seu equipo de xestión e profesorado en particular, fíxose un grande esforzo para transformar a docencia a virtual nun tempo récord (adaptación de contidos, metodoloxías e guías docentes, reforzo das coordinacións, aumento dos medios para a teledocencia, posta en marcha do Campus remoto, axudas técnicas e de conectividade para alumnado e profesorado...)

A evolución dos datos de matrícula de novo ingreso por prescrición (79) aumenta lixeiramente e mantense nas boas cifras conseguidas nos dous cursos anteriores. Os índices de ocupación e preferencia mantéñense moi por riba do 80% establecido como meta de calidade. Cabe resaltar que o indicador de ocupación aumentou con respecto ao curso anterior (pasando de 102,67% a 105,33%). Tamén o indicador de adecuación (78,48%) aumentou con respecto ao curso anterior (76,62%) continuando a tendenci ade aumento dos ultimos cursos e xa case no valor do 80% establecido como recomendado.

Con respecto á nota media de acceso mantense ao redor 6-7 establecido como obxectivo. De feito, oscila entre 5,5 e 8,5 segundo as distintas modalidades de ingreso, e seguindo tendencias anteriores. A nota mínima de acceso ascendeu lixeiramente pasando do 5,01 do curso anterior ao 5,150 actual, pero podemos dicir que se mantén nos valores dos últimos cursos.

Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado foi unha das accións de mellora da titulación nos cursos pasados e tense realizado un importante esforzo na difusión/concienciación do alumnado por parte das coordinacións de título e cursos nos dous últimos cursos. No curso 2019/20 situouse no 29,44 % supoñendo un descenso de 10 puntos con respecto ao curso anterior (39,36%). Con todo, o darto mantense como aceptable a pesares de ser un curso especialmente afectado polas incidencias da Covid 19 e polo seu caráctetr virtual o cal tamén afectou aos sistemas de avaliación. Non obstante, será preciso contin uar vixiantes á evolución deste indicador e manter as medidas implementadas no sucesivo.

A análise dos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza seguen revelando cifras moderadamente satisfactorias. O ítem sobre a *“organización e desenvolvemento do ensino”* por parte do estudantado incrementouse lixeiramente con respecto ao ano anterior (2,90 fronte a 2,50) continuando coa tendencia positiva do curso anterior e achegándose ao obxectivo de 3 sobre 5. Este mesmo indicador na valoración por parte das persoas tituladas é de 3,49.

A distribución e orde das materias no plan de estudos (3,25) e o calendario das probas de avaliación (3,29) son dous dos aspectos mellor valarados por parte do estudantado. A valoración dos horarios da titulación por parte do alumnado (2,59) incrementouse notablemente (1,71 no curso anterior). Como xa se ten sinalado, se ben se teñen tido en conta as achegas e participación do alumnado nos horarios, o importante volume de profesorado asociado ocasiana unha maior intensidade de clases en horario de tarde. O outro punto débil relacionado coa satisfacción coa coordinación entre as materias do plan de estudos foi valorado con 2,69, incrementándose desde o 2,29 do curso anterior. A necesidade de mellorar esta coordinación entre profesorado foi tratada en

reunións co profesorado e propúxose que desde o conxunto da Facultade se adopten estratexias comúns que tconstitúa unha acción de mellora de cara ao vindeiro curso académico no conxunto do centro e na que tamén participará o noso Grao.

Lémbrase que como se vén sinalando nos últimos informes, ademais das evidencias dispoñibles na memoria do título, existen referentes externos que avalan a adecuación da mesmo aos estándares actuais e a coherencia coas propostas de outras Facultades que ofertan o título de Grao en Traballo social no Estado español. Entre estas accións pódense destacar:

- A participación activa na constitución da Asociación Universitaria Española de Traballo social (antiga Conferencia de Decanas/os de Directoras/es de Traballo social). A participación da nosa Facultade como membro integrado nesta asociación permite participar na planificación e avaliación coordinadas entre as distintas universidades que ofertan este título.
- O convenio e a cooperación estreita co Colexio oficial de Traballo social de Galicia (<http://www.traballsocial.org>) para a análise continua da situación profesional e a realización de actividades de maneira conxunta (seminarios e xornadas de formación sobre saídas profesionais e colexiais dos/as futuros/as egresados/as, punto de Información colexial sobre actividades formativas e información colexial n apropiada Facultade...
- A continuada invitación a profesionais, entidades públicas, privadas e do terceiro sector do campo do traballo social, que ademais de permitir un achegamento da realidade social á facultade, permiten dar a coñecer e orientar ao alumnado sobre os distintos ámbitos e saídas profesionais do Traballo social, así como manter unha relación continuada entre co equipo docente e xestor.
- Contactos informais con egresados/as que posibilitan analizar o axuste dos contidos do título coas necesidades detectadas na súa práctica profesional.

Puntos débiles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Reforzamento da coordinación entre materias e o enfoque práctico das mesmas mediante propostas de mellora que se expoñen de forma global para os catro graos do centro. Poden consultarse nas P.M. de Centro.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado(graos)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matriculación de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.4.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os mecanismos dos que dispón a Facultade de Ciencias da Educación para comunicar a todos os grupos de interese as características dos programas formativos dos seus títulos, e en concreto na titulación de Grao en Traballo social, ten sido obxecto de mellora continuada nos últimos cursos académicos e toda a información atópase de xeito moi visible e accesible na páxina web. Os resultados das enquisas de satisfacción das persoas tituladas mostran resultados moi positivos en aspectos como *facilidade para atopar contidos na web* (3,90), *a utilidade da páxina web da titulación* (3,85), así como *as plataformas de teledocencia e multimedia* (3,85).

As guías docentes (ou programas) das materias están dispoñibles e accesibles con facilidade, así como todo tipo de información relativa ao grao, plan de estudos, organización e funcionamento, calendario e horarios, normativas e impresos etc... *A información sobre actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, xerais...) continúa a ser un dos puntos débiles neste apartado (2,47/5) se ben ten aumentado lixeiramente con respecto ao curso anterior (2,35/5).*

O Grao de Traballo social dispón dunha páxina en Facebook con 684 seguidoras/es /a 1/03/2021) que serve de difusión de comunicación inmediata co conxunto do alumnado, egresados/as, profesionais e institucións colaboradoras, e que a través dela se ten reforzado a difusión de: bolsas e programas de formación para o alumnado, actividades extracurriculares e formativas, congresos e xornadas e outros contidos de interese relacionados co título.

Puntos febles detectados:

Necesidade de incrementar os mecanismos de difusión da información sobre actividades do Grao.

Accións de mellora a implantar:

Incremento da información relativa ao Grao a través das redes sociais (posta en marcha e xestión de twitter e Instagram).

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.4.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Os protocolos de calidade son xerais para todo o centro polo que a reflexión sobre este criterio vén sendo efectuada de modo conxunto para o total das sete titulacións. As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación), é de novo sinalado como un dos ítems peor valorados polo alumnado (2/5). *As vías nas que podes participar na mellora da titulación: Caixa QSP* incrementa en case un punto a valoración do curso anterior pasando de 2,10/5 a 3/5. No anterior informe propuxérase incrementar o grao de satisfacción do alumnado e do profesorado coa participación na mellora da titulación, e a pesares da situación derivada da Covid 19 que limitou os procesos de participación presencial e comunitaria na Facultade, realizouse un esforzo por seguir mellorando este aspecto que debe continuar no sucesivo. Aínda así, os datos moderados da valoración dos procesos de calidade non parecen corresponder coa participación nas distintas comisións da Facultade e coa cada vez maior presenza da Comisión de Garantía de Calidade nos procesos para a mellora da calidade docente, tanto do título coma do centro en xeral.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.4.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

A situación ao respecto do persoal non variou substancialmente no título ao respecto do ano anterior. Mantense na titulación un elevado número de persoal a tempo parcial (16 asociados) que acada un número moi similar ao do persoal a tempo completo. O número de axudante (1), axudante doutor (1), contratado doutor (7) e Titular de EU (1) mantense, descende un profesor titular (de 5 a

4) pero incrementouse o de catedráticos (de 1 a 2). Segue a ser un aspecto a seguir mellorando a estabilización do persoal. Sen embargo, e aínda que de xeito moderado, é destacable a mellora do cadro de persoal en canto ao seu nivel de cualificación (19 doutores de 38) supoñendo a metade do persoal e os resultados da avaliación da actividade investigadora producido nos últimos exercicios.

A participación do profesorado da titulación en plans de formación duplicouse pasando de 5 a 11 con respecto ao curso anterior, continuando coa súa tendencia de aumento nos últimos anos.

A media de alumnos por grupo de docencia incrementouse lixeiramente con respecto ao curso anterior e continua a tendencia dos últimos anos: grupos A de 59,40 a 62,48; os grupos B de 29,41 a 30,93. Os grupos C pasaron de 12 a 11, 87 manténdose en número similar.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

3.4.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

No presente curso a análise deste apartado vén marcada especialmente pola situación de pandemia e confinamento sobrevido á raíz da Covid 19. A Universidade de Vigo e a propia Facultade fixeron un importante esforzo de adaptación á virtualidade, o que supuxo incrementar medios tecnolóxicos para o profesorado e o alumnado. Débese ter en conta especialmente a detección de alumnado do Grao sen acceso a wifi ou conectividade para o seguemento das clases que foi detectado a traverso das coordinacións e trazáronse solucións con carácter individualizado (instalación routers e wifi, préstamo de ordeadores etc...).

Os recursos materiais e servizos postos á disposición do desenvolvemento do título percíbense como satisfactorios por parte do alumnado destacando: os espazos para o traballo autónomo (3,88/5), as aulas e o seu equipamento (3,29/5), as plataformas de teledocencia e multimedia 3,25/5 e os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento (3,20/5)). O título conta cun sistema de organización e supervisión de prácticas moi consolidado. O prácticum conta con

convenios cunha gran variedade de institucións e centros colaboradores do ámbito público, privado e do terceiro sector que abrangue distintos ámbitos que permiten unha ampla escolla ao estudantado para a realización das prácticas curriculares (servizos sociais comunitarios e especializados (infancia, maiores, xuventude...), saúde, penitenciarías, organizacións non gobernamentais...). No curso académico 2019/20 foron 57 estudantes os que realizaron o prácticum, que se distribuíron en 49 centros/institucións, incrementándose a variedade de centros con respecto ao curso anterior. Compre sinalar que dado que as prácticas realízanse no primeiro cuatrimestre (4ª curso) non se viron afectadas polo período de confinamento nesta titulación.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.4.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A taxa de éxito global do título (96%) tivo un lixeiro incremento respecto do curso pasado (94%) e cumpre coa meta de calidade establecida de situarse por riba do 90% continuando coa tendencia dos últimos cursos. Tamén as taxas de éxito da maior parte das materias están entre o 90 e o 100%, establecido como meta de calidade do centro. Unicamente 7 materias atópanse por debaixo desta franxa, pero con valores superiores ao 80%, aumentando con respecto ao curso pasado. Polo tanto séguese a tendencia de anos anteriores. Os resultados de aprendizaxe acadados son coherentes co perfil de egresado/a e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

A valoración da *formación adquirida* (coñecementos e contidos) é satisfactoria para o alumnado e incrementase con respecto ao curso anterior pasando de 3,33/5 a 3,88/5. Nas persoas tituladas tamén é satisfactoria con 3,85/5 resultando en ámbolos casos un dos ítem mellor valorados. Analizados os resultados das enquisas de satisfacción, o alumnado mostra unha boa satisfacción co *'cumprimento das súas expectativas formativas'* outorgándolle unha puntuación de 3,75/5.

Nos informes anteriores detectouse unha alta porcentaxe de alumnado que non presentaba o TFG téndose matriculado del, polo que estableceuse como acción de mellora no curso 2018/19 unha reflexión, entre o profesorado da titulación e da Facultade, que se concretase nunha modificación no proceso de elaboración e avaliación da materia de TFG. Este proceso deu lugar a un cambio de

normativa do TFG establecéndose a modalidade do Tribunal Unipersoal que se puxo en marcha desde o inicio do curso 2019/20. A taxa de rendemento (66, 67%) do TFG segue a ser a máis baixa da titulación, se ben se incrementou notablemente desde o 56% do curso anterior. A taxa de éxito do TFG é do 100%. A pesares do aumento da taxa de rendemento nesta materia, considérase que é preciso continuar observando o impacto do cambio de normativa do TFG, dado que ademais este ano as cifras poden estar afectadas polas dificultades para a realización dos traballos no período de confinamento (a pesares de que se flexibilizaron por exemplo ante as dificultades para realizar traballo de campo).

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que si se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.4.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A evolución de alumnado de novo ingreso continúa sendo moi positiva, como se deriva da taxa de ocupación que incluso se incrementou lixeiramente pasando do 102,67.% ao 105,33%. A taxa de e u taxa de preferencia diminuí pero mantense no 105, 33% (moi por riba do 80% establecido como indicador). A taxa de adecuación pola súa parte foi do 78,48% con incrementos sucesivos nos dous cursos anteriores e xa moi perto do 80% da meta.

A taxa de rendemento (91%) continua coa tendencia lixeiramente ascendente de anos anteriores e por riba do 80% establecido como meta de calidade. As taxas de eficiencia (91%) e de éxito (96%) tamén incrementan e continúan por riba do 90% marcado como meta. A taxa de abandono descendeu notablemente do 20% ao 8,45% por baixo do límite establecido como meta polo centro (20%). Pola súa banda a taxa de graduación ascendeu ata o 72,13% (desde o 65,52% anterior) e manténdose por riba do 50% establecido como meta de calidade.

A satisfacción das persoas tituladas (3,49) e dos entes empregadores (4,83) son moi elevados, destacando neste último caso o nivel de satisfacción coa adecuación do perfil profesional (5) e o nivel de satisfacción co desempeño profesional das persoas tituladas (5).

A duración media dos estudos (4,75) aumentou lixeiramente desde o 4,71 do curso anterior, pero

entendemos que pode ser algo circunstancial e en todo caso relacionado coa baixa taxa de rendemento do TFG ou as circunstancias relacionadas coa Covid (a pesares que se ofreceu unha convocatoria de defensa excepcional no mes de setembro). Con todo, continúa moderadamente próxima aos catro cursos nos que se estrutura o título.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

□ Taxa de graduación

□ Taxa de abandono

□ Taxa de eficiencia

□ Taxa de rendemento

□ Taxa de éxito

□ Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-D0: Duración media dos estudos

3.5. Seguimento da titulación: Máster en Dificultades

3.5.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O plan de estudos estase a desenvolver de acordo coa descrición e compromisos recollidos na Memoria Verificada no 2009 e ás modificacións realizadas na renovación da acreditación do título no ano 2015. A formación que se ofrece permite ampliar e profundar nos coñecementos, estratexias e actitudes necesarias para un bo desenvolvemento profesional no ámbito educativo. Realízase unha progresiva e constante adaptación á lexislación vixente e a introdución de melloras, a partir das necesidades detectadas.

No curso 2019/20 mantense estable o número de alumnado de novo ingreso (16), polo que o nivel de ocupación continúa no 64%, sen acadar a meta establecida polo centro ($\geq 80\%$). Mantense polo tanto o descenso de alumnado experimentado no curso precedente, quizais debido á expectativa de maior oferta de emprego público, que provoca o desvío de alumnado cara á preparación de oposicións en lugar de optar por continuar a súa formación académica a través da realización de mestrados. Isto acentúase debido ao perfil do noso alumnado, xa que a maioría procede precisamente dos graos de Infantil (8) e Primaria (5), graos profesionalizantes orientados claramente á docencia. De feito, este descenso na matrícula non é exclusivo deste máster, senón que tamén se dá en outros mestrados co mesmo perfil de alumnado.

Aínda que xa non se establece nota mínima, ao non chegarse á ocupación total, a nota media segue sendo alta, superior ou moi próxima a 7, agás nun único caso, dun alumno procedente da especialidade de Educación musical, que accedeu cun 5. Polo tanto, neste caso si que se supera amplamente a meta establecida, situada nunha marxe de 6 a 7.

O mesmo ocorre se nos fixamos no grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino, que supera a meta (3 ou ≥ 3 sobre 5), tanto no caso do estudantado, como no das persoas tituladas. No que respecta en concreto á satisfacción coa planificación e o desenvolvemento do ensino, de novo os resultados ofrecidos polo alumnado se sitúan por riba da meta, aínda que no caso das persoas tituladas si atopamos un lixeiro descenso, quedando tan só a unha décima da meta. Estes resultados supoñen unha inversión en comparación co curso 18/19, onde era o colectivo do alumnado o que ofrecía resultados lixeiramente inferiores á meta, mentres que o de persoas tituladas si se situaba por riba desta. Polo tanto, consideramos que se trata de algo circunstancial que non debe preocuparnos en exceso, xa que se trata de menos dun par de décimas. A isto temos que engadir os excelentes resultados obtidos no grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente, que alcanza un algo 4,38, mellorando moito con respecto ao curso 18/19, cando era de 3,56.

Puntos débiles detectados:

- Mantemento dun nivel de ocupación baixo neste curso e o anterior.

Accións de mellora a implantar:

- Dado que se confirma o descenso de matrícula, deseñar medidas destinadas á captación de alumnado de novo ingreso, ampliando a difusión a outros graos, á parte de Infantil e Primaria, así como a profesionais xa en exercicio, máis alá dos estudantes recentemente egresados.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica / Comisión de Titulación / Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfac. aos diferentes grupos de interese sobre a organiz. e desenvolv. da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.5.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As accións de comunicación se realizan fundamentalmente a través da web e do tablón de noticias do espazo común do alumnado do mestrado na plataforma docente FAITIC. No que se refire ao bloque 2 das enquisas de satisfacción, que pregunta sobre a páxina web e en xeral sobre a información pública da titulación en calquera soporte, os resultados son positivos, aínda que algo inferiores aos do curso anterior (18/19). En todo caso, superan o 3 en todos os ítems, acadando no colectivo de alumnado unha das puntuacións máis altas da enquisa, no que respecta á utilidade da páxina web (pregunta 8) (3,63/5) e a facilidade para atopar contidos (pregunta 7) (3,5/5). Ademais, cómpre destacar o aumento na participación das enquisas no curso que estamos a analizar (19/20), o que sen dúbida supón un valor engadido aos bos resultados obtidos, sobre todo no caso do alumnado, no que se acadou o 50% de enquisas respondidas, aumentando considerablemente en comparación cos cursos anteriores. No colectivo de egresados/as, non se chega a unha porcentaxe tan alta, pero si se mellora, pasando do 25% no curso 2018/19 ao 36% no 19/20. En xeral, os resultados indican unha avaliación positiva da información sobre a titulación recollida na web e a transmitida por outros soportes.

Puntos febles detectados:

- Baixa participación nas enquisas de satisfacción por parte das persoas tituladas, aínda que parece iniciarse unha tendencia ao aumento.

Accións de mellora a implantar:

- Continuar coas medidas destinadas a aumentar a participación nas enquisas de satisfacción, sobre todo entre o colectivo de egresados/as, dado que semella que están dando resultado, pois aumentou a porcentaxe de resposta en 11 puntos en comparación co curso 18/19.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.5.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

Nas enquisas de satisfacción, tanto das persoas tituladas como do estudiantado, só contamos cun ítem relacionado co sistema de garantía de calidade, que se interesa pola opinión sobre as vías a través das cales se pode participar na mellora da titulación. Ademais, no caso dos egresados/as, recóllense explicitamente no ítem varias destas vías, como son a “caixa QSP (queixas, suxestións e parabéns), a participación en comisións, a comunicación cos responsables académicos etc.”, mentres que na enquisa do alumnado unicamente se cita a primeira vía (caixa QSP). Isto pode provocar o resultado inferior a 3 (2,43) ofrecido polo estudiantado neste ítem, xa que en xeral a esta canle só recorre aquel alumnado que desexa interpoñer unha queixa, polo que se trata dun recurso descoñecido para o resto, de xeito que atribuímos a baixa valoración a esta posible falta de coñecemento e uso da caixa de QSP, o que dalgunha maneira resulta un bo síntoma. En calquera caso, hai constancia de que todas as queixas formuladas son respondidas no prazo de 15 días establecido polo centro, con rapidez e debidamente informadas e argumentadas, tal como se pode comprobar no rexistro das queixas, suxestións e parabéns da Facultade. De feito, os protocolos de calidade son xerais para todo o centro e trátase dunha Facultade certificada, na que a Comisión de Garantía de Calidade desempeña unha función especialmente relevante. De todos os xeitos, non podemos desatender estes resultados, senón que continuaremos intentando aumentar a visibilización de todas as canles de participación, tanto para o alumnado como para as persoas tituladas.

Puntos febles detectados:

- Continúa unha valoración baixa por parte do alumnado das canles de participación na mellora da titulación.

Accións de mellora a implantar:

- Aumentar a visibilización das canles dispoñibles para que tanto alumnado como egresados/as participen na mellora do título.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)
E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)
E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC
EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade
I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.5.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal académico e de apoio é suficiente para garantir a consecución das competencias e obxectivos formativos e atender as necesidades dos estudantes matriculados. O 62.5% da docencia do título é impartida por profesorado da Universidade de Vigo. No curso 19/20 este cadro de persoal docente mantense estable canto ao número de profesionais. As variacións que poden observarse na composición da plantilla (un catedrático e un titular menos e o aumento dun contratado doutor e un axudante doutor) débense a xubilación dun docente que continúa participando no mestrado como docente externo e a baixa dunha profesora que foi substituída por dúas docentes coa categoría de contratada doutora e axudante doutora. O 37.50% da docencia é impartida por especialistas nas dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos que proceden doutras como Santiago de Compostela, A Coruña, León, Oviedo, Complutense de Madrid, Minho e Évora. Todos os docentes da Universidade de Vigo que imparten neste título na actualidade están contratados a tempo completo e o 60% contan con vinculación permanente.

Ademais, despois da mellora progresiva dos últimos cursos no que se refire ao número de sexenios de investigación, no curso 2019/20, mantense estable, superando o 60%, igual que no curso anterior (2018/19). O 100% do equipo docente ten o título de doutor. A adecuación do persoal académico do máster é avalada pola ampla experiencia docente recoñecida mediante a concesión de quinquenios docentes, polo desempeño profesional académico externo e os cargos desempeñados, teses dirixidas, índice de impacto das publicacións, recoñecementos ao labor docente e investigador. Unha consulta detallada deste méritos pode atoparse no seguinte enlace: <http://masteraprendizaje.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/>

Por outra parte, asistimos a unha mellora dos datos relativos aos programas de formación, tanto do persoal de administración e servizos, que no curso 2019/20 ascendeu do 66% ao 80,46%, volvendo a situarse así por riba da meta establecida polo centro ($\geq 75\%$); como do profesorado, cun ascenso de 5 a 8 docentes que participaron neste tipo de formación continua. Isto confirma ademais a tendencia progresiva observada xa nos cursos anteriores no caso do profesorado e demostra que o descenso no colectivo de PAS foi puntual no curso 18/19, recuperándose xa neste que estamos a analizar (19/20). En cambio, seguimos sen dispoñer de datos sobre o programa DOCENTIA e tampouco consta ningún caso de docente que participase en programas de mobilidade.

A excelente cualificación do profesorado implicado neste máster teñen o seu reflexo nos datos ofrecidos polo alumnado nas enquisas de avaliación docente. En efecto, xa nos cursos anteriores se acadaran valores positivos (3,87 e 3,56 sobre 5), que no curso 19/20 chegan a 4,38, o que indica o alto grao de satisfacción do estudantado con respecto á actividade docente. Cómpre, de todos xeitos, ter en conta que neste curso o nivel de participación nas enquisas (EAD) descendeu, quizais debido ás circunstancias excepcionais provocadas pola pandemia, dado que o índice de participación nos cursos anteriores era habitualmente moi alto, case da totalidade.

A media de alumnos/as por grupos de docencia mantén exactamente os mesmos números do curso anterior, isto é, 16 estudantes nos grupos A e a metade nos B, confirmándose a adecuación destes agrupamentos para o bo decorrer do proceso de ensino-aprendizaxe.

Por último, os resultados das enquisas de satisfacción son igualmente positivos, redundando nas conclusións que se derivan do resto de índices. Así, no que respecta ao ítem sobre o PAS, supérase o 3 tanto no colectivo de alumnado como no de egresados/as e naquel resulta ademais un dos mellor valorados, sen esquecer que a participación nestas enquisas si aumentou considerablemente no curso 19/20. Así mesmo, no caso das persoas tituladas, o ítem relativo ao “desempeño do profesorado” (pregunta 10 da enquisa, no bloque de “recursos humanos”) acada un alto 3,75.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u> I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u> I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría	

3.5.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Proba da adecuación dos recursos materiais e servizos ás necesidades do título son os altos valores obtidos nas enquisas de satisfacción nos ítems integrados neste bloque 5: no caso do alumnado todos superan o 3 e no caso das persoas tituladas son aínda mellores, situándose no 4 ou por riba do 4. En efecto, no colectivo de egresados/as, os tres ítems que conforman o bloque 5 ofrecen os tres valores máis altos da enquisa, permitíndonos afirmar que os laboratorios, os espazos para traballo autónomo e as plataformas de teledocencia resultan moi satisfactorios. Canto ao estudantado, os resultados son algo máis baixos pero tamén positivos e, de feito, o ítem referido aos espazos para traballo autónomo acada tamén entre os alumnos e alumnas un dos mellores resultados da enquisa, moi próximo ao 4. Os resultados das enquisas de avaliación docente (EAD) ratifican estes que acabamos de expoñer, pois no ítem 2, relativo ás condicións nas que se desenvolve a docencia, superan o 4, tanto no referido ás clases teóricas como ás prácticas (laboratorios, obradoiros, etc), polo que ademais melloran considerablemente con respecto ao curso anterior, no que se situaban por riba do 3,5 pero sen alcanzar o 4. En definitiva, mantense a tendencia a unha alta valoración no que se refire aos recursos materiais e servizos dispoñibles neste máster o que pon de manifestó que son suficientes e adecuados para impartir o Título e se axustan ás necesidades e ao número dos estudantes matriculados. A Facultade conta con recursos materiais e dixitais de última xeración, froito do esforzo dos últimos anos por mellorar o equipamento dos laboratorios, electrificar as aulas e renovar o equipamento informático. Nas Xuntas de Centro, Comisión de Calidade e Comisión Permanente, Comisión Académica do Máster revísanse de forma periódica as necesidades existentes e son tidas en conta anualmente nas accións de mellora.

No tocante ás prácticas, dado que este máster non as contempla no seu plan de estudos, non procede valoralas.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.5.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de aprendizaxe son satisfactorios e coherentes co perfil de egreso, fundamentalmente profesionais da docencia non universitaria con formación avanzada, especializada e multidisciplinar, orientada á intervención nas dificultades de aprendizaxe, e correspóndense co nivel do MECES.

As actividades académicas realizadas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación do Título contribúen á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos na memoria, tal e como se recolle nas guías docentes das materias publicadas na plataforma Docnet.

Os indicadores dos resultados de aprendizaxe baseados nas taxas de rendemento, eficiencia e graduación son altísimos, rozando case o 100% e superando polo tanto con creces as metas establecidas polo centro. De feito, no caso da taxa de éxito global acadada esta cantidade e, en contrapartida, a taxa de abandono é do 0%, de xeito que cumpre tamén a meta, situada xa nun baixo 5%. Trátase de resultados sen dúbida moi satisfactorios, relacionados cos igualmente positivos se atendemos a cada unha das materias de forma individualizada, pois atopamos en todas elas unha taxa de éxito do 100%. Así mesmo, as taxas de avaliación e rendemento sitúanse no 100% coa única excepción do Traballo de fin de máster, que presenta 5 non presentados e, por conseguinte, unha taxa do 77,27% nestes dous indicadores.

A pesar destas altas taxas de éxito, tanto global do título como por materia, os valores recollidos nas enquisas de satisfacción descenden no ítem relativo ao “cumprimento das expectativas” no caso do alumnado e á “utilidade da formación adquirida” no que respectoa aos egresados/as, casos ambos nos que quedan por debaixo do 3. Non obstante, os ítems que preguntan pola formación adquirida en xeral, si acadan esta cifra ou incluso a superan. Ademais, nas enquisas de avaliación docente (EAD), o ítem 1, sobre a importancia das materias para a titulación, supera o 4. Polo tanto, estes datos lévannos a interpretar que a principal carencia percibida polo alumnado canto á súa formación reside nunha falta dun enfoque máis práctico, orientado de forma máis directa á súa incorporación ao mercado laboral ou á súa aplicación inmediata nas súas respectivas

profesións, no caso de que xa estean en exercicio.

Puntos febles detectados:

- Descenso da valoración nos ítems referidos ás expectativas formativas do alumnado e á utilidade da formación para os egresados/as.

Accións de mellora a implantar:

- Demandar ao persoal docente un esforzo por outorgar un enfoque máis práctico e aplicado ás súas respectivas materias.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, tutor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análises xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.5.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O alumnado de novo ingreso do curso 2019/20 mantense estable con respecto ao curso 18/19, sen rexistrar descenso, aínda que sen recuperar tampouco a cantidade de cursos anteriores, polo que non se cobre a totalidade das prazas ofertadas. Dados os excelentes resultados con respecto ás taxas de rendemento (94%), eficiencia (97%) e graduación (87,50%), moi superiores ás metas establecidas, como xa comentamos, non podemos atribuír a non recuperación de alumnado a estes resultados, senón a factores circunstancias que esperamos se modifiquen en futuros cursos.

Canto ao desglose por materias destes indicadores, os resultados son igualmente moi satisfactorios, de xeito que neste curso a totalidade das materias acadou o 100%, coa única excepción do Traballo de fin de máster, que obtén un 77,72% nas taxas de avaliación e rendemento, aínda que mantén o 100% na de éxito. En todo caso, os resultados no TFM melloran tamén lixeiramente no curso 2019/20 en comparación co curso anterior. De novo, a casuística especial desta materia provoca a súa diverxencia con respecto ao resto, ao esixir un maior traballo autónomo por parte do alumnado fóra do horario lectivo, o que se complica ademais dado o perfil dos estudantes do máster, que en moitos casos compaxinan a súa formación académica de especialización co exercicio profesional ou a preparación de oposicións. Circunstancia que este curso se veo agravada pola pandemia e as dificultades para realizar investigacións nos centros escolares

Os bos resultados reflíctense así mesmo na duración media dos estudos que leva xa varios cursos (desde o 2017-18 incluído) cuns resultados entre o 1,1 e o 1,4; así como nas boas cualificacións obtidas nas diferentes materias, que son na súa maioría de notable ou sobresaliente, sen ningún suspenso e con tan só os cinco non presentados no Traballo de fin de máster.

Puntos febles detectados:: - Mantemento do descenso no alumnado de novo ingreso.	Accións de mellora a implantar: - Desenvolver medidas de difusión de información do máster e captación de alumnado.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados Ø Taxa de graduación Ø Taxa de abandono Ø Taxa de eficiencia Ø Taxa de rendemento Ø Taxa de éxito Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-DO: Duración media dos estudos	

3.6. Seguimento da titulación: Máster en Diversidade

3.6.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

No curso 2019/20 prodúcese un pequeno descenso na matrícula de novo ingreso, e o nivel de ocupación sitúase ao redor do establecido polo Centro (19 de 20). A procedencia da maioría dos discentes segue residindo nos títulos de grao, en concreto 14 de 19 alumnos/as. En concreto no curso 2019/20 proceden principalmente dos títulos de grao de educación Educación Infantil e do de Educación Primaria a diferenza de cursos pasados, que tamén había un número elevado do grao de Educación Social. Con todo, este pode ser un feito puntual ao producirse xustamente no curso referido. No que respecta á nota media de acceso, segue situándose por riba da meta establecida (6-7), polo que observamos que o descenso da matrícula non repercute nunha baixada da nota media do alumnado de novo ingreso, que supera en todos os casos o seis.

Cando atendemos ao grao de satisfacción dos diferentes grupos de interese, podemos valorar os resultados como altamente satisfactorios, xa que no caso do estudantado presentan un ascenso considerable, subindo dun 2,79 no curso 2018/19 a un 3,64 no 2019/20, o que permite superar de novo a meta establecida polo centro, tal como ocorría en cursos anteriores (coa excepción do 2018/19). En relación ás persoas tituladas, o grao de satisfacción baixa lixeiramente, pero supera con folgora a meta de calidade do centro (≥ 3), situándose medio punto por riba. Se nos centramos en concreto no grao de satisfacción sobre a organización e desenvolvemento do ensino, atopamos de novo que ascende moito (algo máis de un punto) no caso do estudantado e descende, pero só lixeiramente, no que respecta ás persoas tituladas, situándose en ambos casos por riba da meta, o que non ocorría no curso anterior, de forma excepcional, co colectivo de estudantes. Cómpre destacar ademais a alta valoración obtida en canto ás prácticas externas, pois supera os catro puntos (4,23). En definitiva, pode confirmarse que respecto o acontecido no curso 2018/2019, os peores datos reflectidos polos discentes respondían a unha situación puntual, de xeito que no curso 2019/20 vólvense recuperar os valores.

É de destacar que os bos resultados referidos obtéñense cunha participación moi alta e moi superior á do curso 2018/2019. Deste xeito, no curso 2019/2020 a participación do alumnado chegou ao 84%, cando no curso anterior quedara nun 27,59%, mentres que a das persoas tituladas aumenta ata un 57%, cando no curso anterior fora reducida (6%). Estes resultados poden estar relacionados coa situación de confinamento, na que as persoas dispuxeron de máis tempo e o centro e o profesorado tamén se volcou de xeito espectacular. Non podemos máis que congratularnos polo tanto con estes elevados índices de participación, que poñen aínda máis en valor os positivos resultados acadados, que iremos analizando con detalle nas próximas epígrafes.

Por último, salienta que este máster conta cun sistema propio, adaptado as súas características, para a avaliación docente, que é de tipo cualitativo do que se desprenden un bos resultados (<http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/calidade/avaliacion-materias/>). Neste sentido cabe sinalar que en xeral a satisfacción reflexada polo estudantado en relación ao desenvolvemento das clases do profesorado das distintas materias é moi boa. Os contidos tratados resúltanlle interesantes e as actividades prácticas son valoradas moi positivamente. Asimismo tamén destacan a profesionalidade do profesorado, especialmente aqueles profesionais que traballan con colectivos que son obxecto de estudo deste mestrado, polas experiencias que lles facilitan. Neste sentido, tamén valoran moi ben as saídas, por poñerlle en contacto directamente co mundo laboral.

Ademais, a universidade de xeito xeralizado por producirse a situación de confinamento enviou por canles dixitais tamén a enquisa de avaliación docente ao alumnado do mestrado, da que se desprenden igualmente uns

excelentes resultados. En efecto, este índice acada un elevado resultado (4,78 sobre 5). Non obstante, o nivel de participación é baixo, posiblemente debido a que o alumnado xa realizara a avaliación docente correspondente, xa que as clases das materias ordinarias remataran antes do período de confinamento. Outro aspecto a indicar é que foi a primeira vez que esta enquisa se aplica ao alumnado deste mestrado, xa que como se apuntou anteriormente contaba cun sistema propio de avaliación docente.

Puntos débiles detectados:

-Descenso leve na matrícula de novo ingreso no curso 2019/2020, aínda que isto non repercute na nota media de acceso, que segue dentro da marxe da meta de calidade (6-7). Non parece requirir unha acción de mellora, pois é posible que se deba a una situación puntual, xa que no actual curso 2020/21 produciuse un repunte e cóntase con 32 alumnos/as matriculados; de modo que se sobre pasa incluso a meta máxima establecida polo centro (20-30).
- Respecto a organización e desenvolvemento da docencia é convinte continuar incidindo na súa optimización.

Accións de mellora a implantar:

- Para continuar optimizando, de xeito máis explícito, as evidencias de coordinación docentes cabe propor ao coordinación de materia a unificación das portada do documento relativo a distribución das sesións, secuenciación do contido, presentación da materia, etc. e o seu arquivo, na plataforma de teledocencia de cara a súa implementación no próximo curso académico (2021/22). Información que ven a completar e ampliar a recollida nas Guías Docentes das materias para facilitar ao alumnado un mellor coñecemento que redundará previsiblemente na mellora da súa aprendizaxe.

Evidencias nas que basea a valoración:

E1: Memoria vixente do título
E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora
E3: Perfil de ingreso do alumnado (grao)
E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)
E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade
E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).
QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

Indicadores nos que se basea a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

3.6.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e si se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto á valoración do estudantado relativa á “información e transparencia” (bloque dous da enquisa de satisfacción), os resultados melloraron con respecto aos do curso anterior. Así, no curso 2019/20 todos os ítems superan o 3,5, agás o que pregunta pola información sobre as actividades extracurriculares, que acada algo menos (3,33), superando a do curso anterior. O ítem sobre as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (ítem 16) obtén tamén unha valoración positiva: 3,56.

Do mesmo xeito, os resultados da enquisa de satisfacción ás persoas tituladas son tamén elevados en xeral e, en concreto, en relación coa información e transparencia. Os dous ítems incluídos neste bloque obteñen resultados de 3,45, no caso da utilidade da páxina web, e de 3,73 no que se refire á facilidade para atopar nesta os contidos buscados. Isto evidencia que os esforzos da posta en marcha dunha nova web da facultade e do mestrado, da súa actualización e accesibilidade, xeran uns bos resultados.

Puntos febles detectados:

- Sen detectase puntos febles, non convén baixar a garda na difusión de información relativa ao título.

Accións de mellora a implantar:

- Completar, dar unidade e maior visibilidade á información/normativa relativa ao Prácticum e ao TFM.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.6.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O centro obtivo a certificación do sistema de calidade no curso 2016/2017, superando con ela un dos grandes retos do noso sistema de estudos, cuxos resultados aínda quedan de manifesto na actualidade, sen que isto impida un continuo proceso de mellora. Asimesmo, foi presentado no mes de setembro o seguimento da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade do Centro ante a ACSUG, aínda que polo momento non se recibiu o *feedback* ao respecto.

Con respecto ao curso anterior, no que estamos a analizar (2019/20), asistimos a unha mellora considerable da valoración do alumnado no ítem destinado a indagar sobre as canles de participación na mellora da titulación (ítem 11); xa que sobe de 3 a 3,67. Por outra parte cabe sinalar que descende un pouco no caso dos egresados, pois na correspondente enquisa de satisfacción, no ítem 9, destinado igualmente a valorar as vías de participación na mellora da titulación, acádase 3,20/5, manténdose en todo caso por riba do 3, polo que é considerado un resultado satisfactorio.

Puntos febles detectados:

- Lixeiro descenso no colectivo de egresados respecto a valoración dos canles de participación, que non semella en todo caso preocupante. Dados os resultados, non consideramos necesario

Accións de mellora a implantar:

aplicar ningunha acción de mellora, senón simplemente manter a dinámica existente e prestar especial atención ao colectivo de egresados, que expresou una valoración lixeiramente menor.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**

3.6.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto ao persoal, tanto profesorado como PAS, os resultados melloraron no curso 2019/2020 en todos os parámetros.

Canto ao profesorado, ademais de 11 titulares, contamos cunha catedrática, un axudante doutor máis (4 en total) e tamén un novo asociado, manténdose os axudantes doutores e asociados que xa había e reducíndose considerablemente o profesorado adscrito á categoría “non aplicable” (externos). Como consecuencia, a cantidade de docentes co título de doutor/a e con dedicación a Tempo Completo segue en ascenso e supera a meta establecida polo centro do 50%. Así mesmo, a porcentaxe de profesorado con sexenios é moi elevado e acada un 86,67%, situándose moi por riba da meta establecida ($\geq 40\%$) e resulta a máis elevada do histórico.

Tamén os resultados referidos á formación son salientables e supoñen unha importante mellora con respecto ao curso anterior. Así, o profesorado que participa en programas de formación ascende de 9, no curso 2018/19, a 14 no curso 2019/20; mentres que, no caso dos PAS, pasa a participación dun 66,06% a un 80,46%, o que permite superar a meta establecida polo centro do 75%, recuperándose así a tendencia habitual, xa que no histórico sempre se superou esta meta a excepción do ocorrido no curso 2018/2019, o que demostra que se tratou de algo circunstancial, como de feito apuntabamos no informe correspondente.

Ademais, a satisfacción do alumnado relativa ao persoal de administración e servizos (ítem 12) é boa, acadando un 3,63, e aínda mellor no caso dos egresados, cun 4,09 (ítem 11) situándose entre os ítems mellor valorados por este colectivo.

Por último, o tamaño dos grupos A de docencia adecúase perfectamente ao proceso de ensino-aprendizaxe levado a cabo, situándose por de baixo de 20 alumnos/as.

Puntos febles detectados: -Os resultados non poñen de manifesto puntos febles relevantes. Non sendo precisas acción de mellora é recomendable ter en conta na selección de novo profesorado que contén co perfil pertinente e o grao de doutor, así coma con dedicación a TC.	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou valoración: E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.) R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas. I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título) I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) I02-PE: Cualificación do PDI I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio) I03(2)-PE: Profesorado por categoría	

3.6.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizos

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudiantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No caso dos egresados, todos os ítems referidos aos recursos materiais e servizos, que integran o bloque 5 da correspondente enquisa de satisfacción, sitúanse nunha marxe moi positiva, entre o 3,5 e o 4. No que respecta ao alumnado, neste mesmo bloque atopamos maior desviación, xa que a el pertence un dos ítems mellor valorados, cun 4, relativo á adecuación dos espazos para o traballo autónomo, aínda que é algo inferior a valoración sobre o equipamento das aulas (3,13). En relación con esta valoración, polo que se desprende da avaliación cualitativa sobre o desenvolvemento das materias, a causa pode ser a gradación da temperatura das aulas, xa que o estudiantado reflexou en ocasións as atopara frías (<http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/calidade/avaliacion-materias/>). En todo caso, como xa comentamos, o colectivo do alumnado non valora ningún aspecto ao respecto por debaixo do 3.

Cómpre destacar que en ambos grupos, estudantes e egresados, o ítem referido ás plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia obtén resultados moi satisfactorios, máis aínda no colectivo de titulados/as, no que se sitúa moi próximo ao 4 (3,91).

A distribución do alumnado polos centros de destino das prácticas curriculares está moi repartida, o que posibilita que se desenvolvan con normalidade, aínda que no curso 2019/20 o problema foi o confinamento que produzo a covid-19. Con todo, artelláronse mecanismos para que o alumnado baixo as directrices do Ministerio e da UVigo puidese realizar ou cumprimentar as súas prácticas curriculares. De feito, resulta especialmente destacable o alto valor acadado con respecto á satisfacción coas prácticas académicas externas,

que supera o 4 (4,23).

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.6.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Á hora de analizar o bloque 6 das enquisas de satisfacción, observamos que os resultados varían sensiblemente con respecto ao curso anterior. Mentres no curso 2018/19 os valores eran máis positivos no colectivo de egresados/as ca no de alumnado, no curso 2019/20 resulta ao contrario, baixando arredor de medio punto naquel grupo, o que os converte ademais nos ítems menos valorados aínda que cunha puntuación boa (3,0 nos dous ítems deste bloque). En cambio, entre o estudantado prodúcese unha mellora na valoración, de feito neste curso se situou a puntuación arredor do 3,5, tanto no que respecta á formación adquirida (3,5), como no tocante ao cumprimento das expectativas formativas (3,44). Lembremos que no curso anterior non alcanzaba ningún deles o 3. Isto confirma que o descenso dalgúns resultados no curso 2018/19 se debe a unha cuestión circunstancial. En calquera caso, cómpre prestar atención a este lixeiro descenso no grupo de egresados, que valoraron cun 3 a utilidade da formación recibida para a súa carreira profesional. Dado o perfil maioritario no curso 2019/20 do alumnado (procedente dos graos de Infantil e Primaria), os motivos poden atribuírsele a finalidade de acadar un emprego público, pola vía de acceso das oposicións, o que pode provocar unha demanda formativa neste mestrado para á súa preparación, o cal non é un obxectivo non prioritario deste mestrado.

A taxa de éxito, como en todo o histórico, continúa sendo do 100%, taxa que encontramos en todas as materias, agás na de “Xénero e educación”, na que se afasta da totalidade de aprobados por un único suspenso. As taxas de rendemento e avaliación si descendeen nalgũa materia, debido aos casos de non presentados, que nunca superan de todos os xeitos un estudante por materia e ademais melloran con respecto ao curso anterior, situándose así por riba da meta de calidade establecida. Incluso no Traballo de Fin de Máster o número de non presentados redúcese no curso 2019/20 a 8, resultando polo tanto moi inferior ao de cursos anteriores. Isto fai, de todos os xeitos, que nesta materia se dea a taxa de avaliación máis baixa (75%), xa que no resto se supera o 80% e incluso na maioría, agás en dúas, o 90%. Como xa comentamos outros anos, o maior número de non presentados no TFM, en comparación co resto de materias, pode deberse ás propias características deste, que esixe un traballo de nivel ao alumnado e unha dedicación fóra do horario lectivo, que resulta ás veces difícil de compaxinar coas outras actividades que realiza o noso alumnado

de forma simultánea ao máster, xa sexa a preparación de oposicións ou obrigas de tipo laboral. Ademais, una vez máis, cabe lembrar que a covid-19 puido provocar dificultades persoais e familiares complexas para o alumnado que repercutisen neste aspecto, así mesmo a realización de TFM con planteamento empírico foi moito máis dificultosa.

Os bos resultados referidos ratifícanse mediante os obtidos no informe anual do PAESU relativo a este máster, onde se pode ver que predominan as fortalezas sobre as debilidades (<http://masterdiversidade.webs.uvigo.es/gl/calidade/avaliacion-materias/>). Entre aquelas, o alumnado destaca o interese e actualidade das materias, as saídas, prácticas e recursos, así como, de forma especial, as actividades de módulo. Con respecto ás debilidades, algunhas das sinaladas, aínda que con índices de frecuencia bastante baixos (nunca superiores a 11 e en xeral por debaixo do 4, dun total de 19 alumnos/as), son o exceso de teoría ou a elevada extensión dos traballos monográficos solicitados polo profesorado.

Puntos febles detectados:

- Non son relevantes, xa que se evidencia bos resultados.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.6.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: 6s resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As taxas de éxito, rendemento, eficiencia e abandono ofrecen resultados moi positivos, de xeito que superan en todos os casos a meta de calidade establecida polo centro. En concreto, a taxa de rendemento incluso mellora con respecto ao curso anterior, mentres que a taxa de abandono chega ao mínimo posible pois é de 0,00 % confirmándose así a tendencia de descenso progresivo neste parámetro que xa comentabamos no informe anterior, xa que no curso 2018/19 era a primeira vez que se cumpría a meta ($\leq 5\%$) e os resultados deste curso analizado (2019/20) son aínda mellores. Outro dato moi satisfactorio é o que se refire á duración media dos estudos, pois descende do 1,82, no curso 2018/19, a 1,56 no 2019/20. O único dato que empeora un pouco é respecto ao curso anterior é o relativo á taxa de graduación, pois descende do 93,75% (2018/19) ao 75,86% (2019/20), quedando de todos os xeitos moi por riba da meta establecida ($\geq 50\%$), polo que tampouco resulta preocupante. Ademais hai que ter en conta que o curso 2019/20 foi abatido pola pandemia da covid-19, que puido afectar de múltiples formas tamén ao alumnado e a súa contorna.

Pasando á información sobre a inserción laboral do estudantado, os datos poñen de manifesto que arredor do 50% atopan emprego; un 37,5% en empresa privada, mentres que un 12,5% accede ao sector público (<https://bit.ly/2GPCDqO>). Ademais, cómpre destacar o alto grao de satisfacción dos empregadores, que continúa a ser tan elevado como o do curso anterior (4,67), aínda que o nivel de participación deste colectivo

mantense en niveis baixos.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
Ø Taxa de graduación
Ø Taxa de abandono
Ø Taxa de eficiencia
Ø Taxa de rendemento
Ø Taxa de éxito
Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

3.7. Seguimento da titulación: Máster en Profesorado

3.7.1. Criterio 1. Organización e desenvolvemento

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

Asistimos no curso 2019/20 a un aumento de matrícula, ascendendo o nivel de ocupación ao 98,6%, moi superior á meta de calidade do centro para os mestrados (≥ 80), sempre superada por outra parte no histórico. Tendo en conta que o mestrado de profesorado de secundaria, no campus de Ourense, ofrece catro itinerarios formativos, o perfil do alumnado é moi variado; sen embargo a maioría xa procede de títulos de grao (43 dun total de 71), entre os que contabilizamos ata un total de 18 graos diferentes. É evidente o reflexo dunha alta demanda que se sustenta fundamentalmente na existencia de contar con este mestrado para acceder ao corpo de docentes do ensino en secundaria. Canto á nota mínima de acceso, mantense na marxe establecida na meta establecida polo centro, pois todo o alumnado de novo ingreso conta cunha nota superior a 6.

No que respecta ás enquisas de satisfacción, os resultados ou ben se manteñen estables ou melloran en comparación co curso anterior (2018/19), o que valoramos de forma positiva. De feito, no curso 2019/20, unicamente o grupo de alumnado, do itinerario de Humanidades, queda a unha escasa distancia da meta establecida polo centro. Con todo, en xeral no curso 2019/20 os resultados experimentan unha importante melloría. No obstante, no itinerario de Orientación Educativa ascende a valoración en máis de 1 punto no grupo de estudantado, de xeito que pasa dun 2,59 (2018/19) a 3,92/5 no curso 2019/20.

Estes resultados son totalmente coherentes cos obtidos con respecto á satisfacción en concreto coa planificación e desenvolvemento do ensino, xa que melloran en xeral; deste xeito superan en todos os casos a meta de calidade do centro, coa única excepción do expresado polo alumnado do itinerario de Humanidades, colectivo no que a valoración queda a tres décimas da meta do centro. Cómpre resaltar que, en contraste, no curso anterior eran tres as especialidades que non acadaban a meta. No caso dos egresados/as, mentres no ano anterior había dous itinerarios que quedaban por debaixo da meta, cando no curso 2019/20 tódolos a superan. Polo tanto, consideramos que estamos no camiño adecuado de cara a unha mellora progresiva neste mestrado.

No que se refire aos programas de mobilidade internacional, non ten moito sentido neste mestrado dado o seu carácter contextual, polo que non hai datos ao respecto. Para explicar as causas, de novo temos que insistir no carácter contextual do mestrado de secundaria que, a súa vez, está circunscrito á comunidade autónoma galega, na que obrigatoriamente debe realizar as prácticas externas o alumnado. Ademais, é habitual que o estudantado compatibilice a realización do máster coa preparación de oposicións xa que, como comentamos, trátase dun máster claramente profesionalizante (destinado ao acceso á docencia en secundaria no estado español), o que tamén desincentiva sen dúbida a participación neste tipo de programas que implican a mobilidade ao estranxeiro.

Por último, o grao de satisfacción coas prácticas académicas externas, que é a primeira vez que se recolle, e é moi bo, pois supera o 4 (4,54/5) na especialidade de Ciencias Experimentais (no campus de Ourense desenvólvese o itinerario de Tecnoloxía e Informática), e obtense un 3,83/5 no de Humanidades, mentres que nos outros dous itinerarios non consta información.

Puntos débiles detectados: -En xeral, non se detectan puntos débiles relevantes, pois aínda que compre mellorar o grado de satisfacción do alumnado do itinerario de Humanidades, globalmente os resultados son bos. - Respecto a organización e desenvolvemento da docencia é convinte continuar incidindo na optimización da coordinación do profesorado nas materias que son compartidas. -Sería interesante ampliar a recollida de indicadores sobre as prácticas externas aos itinerarios de Xeografía e Historia e Orientación Educativa, unha vez que xa se aplicaron por primeira vez no curso 2019/20 aos outros dous itinerarios, con resultados ademais moi positivos. - Non existen datos no caso do colectivo de egresados/as nos itinerarios de Orientación Educativa e o de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.	Accións de mellora a implantar: - Para mellorar, e deixar constancia explícita das medidas empregadas, respecto ás evidencias de coordinación docentes e/ou sistematización da organización e desenvolvemento das materias cabe propor ao coordinación de materia, cando menos, a unificación das portada dos documento relativo a distribución das sesións, secuenciación do contido, presentación da materia, etc. así coma o arquivo desta documentación, na plataforma de teledocencia de cara a súa implementación no próximo curso académico (2021/22). Información que ven a completar e ampliar a recollida nas Guías Docentes das materias para facilitar ao alumnado un mellor coñecemento que redundará previsiblemente na mellora da súa aprendizaxe. Correspondería a área de Calidade da UVigo e a Unidade de Análises e Programas (UAP) comezar por ofrecer datos ao respecto.
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora. E3: Perfil de ingreso do alumnado(gra) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico). E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza.	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación	

3.7.2. Criterio 2. Información e transparencia

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nas enquisas de satisfacción do colectivo de alumnado, no bloque relativo á información e transparencia, no ítem que se pregunta pola información sobre as actividades extraescolares (culturais, deportivas...) obtén resultados máis baixos. No obstante, atopamos bastante variación entre os valores das distintas especialidades, sendo a de Orientación Educativa a que consegue mellores puntuacións (nunca baixa de 3). O itinerario de Humanidades é o peor valorado. Isto contrasta ademais cos resultados do curso anterior (2018/19), nos que xustamente o itinerario de Orientación foi o que obtivo peor valoración no bloque referido a información e transparencia. En definitiva, a excepción do ítem xa comentado, nos tres ítems restantes, relativos á páxina web da titulación e outros soportes, os resultados igualan ou superan o 3, coa salvidade tamén do itinerario de Humanidades. Cabe engadir, como factor moi positivo a alta participación nas enquisas no curso 2019/20, que abrangue desde 39% en Humanidades a un 58% no de Orientación Educativa.

En relación ás persoas tituladas, os resultados sobre información e transferencia son moi positivos, de xeito que acadan o 4 en tódolos ítems agás no da utilidade da páxina web na especialidade de ciencias experimentais, non obstante queda tamén moi próximo a este valor (3,88). No itinerario de Humanidades os dous ítems que integran este bloque sitúanse entre os mellor valorados. Ademais, encontramos de novo índices de participación moi altos, sobre todo na especialidade de CC. Experimentais, cun 67% de enquisas respondidas.

Por conseguinte, os resultados son en xeral satisfactorios e poñen de manifesto que as canles de información, sobre todo a web, están funcionando adecuadamente.

Puntos febles detectados:

-Un anos máis, detéctase un valor baixo no relativo á información sobre as actividades extraescolares, polo que cómpre atender a esta cuestión.

Accións de mellora a implantar:

- Darlle na nova web as actividades extraescolares máis visibilidade.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

3.7.3. Criterio 3. Sistema de garantía de calidade

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:

O centro conta coa certificación do sistema de calidade desde o curso 2016-17 e está inmerso nunha mellora continua ata a actualidade. A isto hai que engadir que, como centro certificado e ao estar ademais verificado positivamente no 100% dos seus títulos, puido optar á Certificación Institucional, que efectivamente lle foi concedida. Na actualidade, o centro está a espera de recibir os resultados sobre o seguimento da certificación do sistema, dito informe foi presentado a ACSUG en xullo de 2020.

A pesar de todo o anterior e dos bos resultados de todos os indicadores de calidade do centro, no que respecta á enquisa de satisfacción, no apartado referido ao Sistema de garantía de calidade é onde se recollen os peores resultados, non chegando ao 3, a excepción do itinerario de Orientación Educativa, no colectivo de

alumnado, no que ronda o 4 (3,83). Isto ademais repítese no tempo, polo menos tamén nos dous anos anteriores e, coma nestes, atribuímos as causas, polo menos en parte, á propia estrutura da enquisa, pois este apartado redúcese a un único ítem, no que se pregunta explicitamente polas “vías para participar na mellora da titulación”, como poden ser a caixa de queixas, suxestións e parabéns (ítem 9 ou 11 do bloque 3). Dado que as respostas a través desta plataforma cumpren o establecido e non se demoran no tempo máis alá de 15 días, temos que pensar que a escasa puntuación obtida nestes ítems pode deberse sobre todo ao descoñecemento do alumnado, o que en calquera caso non se debe infravalorar, senón que debemos intentar darlle maior visibilidade e fomentar o seu emprego, co fin de aumentar así a participación tanto do alumnado como dos egresados/as.

Puntos febles detectados:

- Resultados non de todo satisfactorios nas enquisas tanto do alumnado como dos egresados, no único ítem que conforma o apartado 3 (Sistema de Garantía de Calidade).

Accións de mellora a implantar:

- Darlle unha maior visibilidade na nova web do mestrado as vías para participar na mellora das titulacións, a través da caixa de QSP, co fin de aumentar a participación do alumnado, así como dos titulados/as.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)

E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade

I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro

3.7.4. Criterio 4. Recursos humanos

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Con respecto aos recursos humanos, os resultados melloran en case todos os casos con respecto ao curso anterior. Así, no curso 2019/20 aumentou a porcentaxe de profesionais que participou en programas de formación, tanto no colectivo de PAS como no de profesorado, ao que hai que engadir un docente en programas de mobilidade. Outro tanto podemos afirmar en relación coa cualificación do profesorado, xa que a porcentaxe de doutores/as supera con creces a meta de calidade do centro e os resultados de investigación (sexenios) aínda se sitúan mellor pois ofrecen un valor que supera o dobre da meta establecida, cun 92,31% de profesorado con sexenios. Isto confirma a mellora progresiva que se vén producindo curso tras curso nestes aspectos. A categoría á que pertencen os docentes mantense máis ou menos estable con respecto aos cursos anteriores, con tan só lixeiras variacións. O cal é positivo para o desenvolvemento dun máster profesionalizante.

Á hora de analizar o grao de satisfacción do estudantado coa actividade do profesorado, segundo as enquisas de avaliación docente, de novo encontramos resultados moi positivos e mellores que nos cursos anteriores. En efecto, na especialidade de CC. Experimentais e en Xeografía e historia aproxímanse ao 4 (3,98 e 3,87 respectivamente), mentres que no de Orientación acada o 4 e no de Humanidades supérase amplamente esta

cifra (4,49).

No momento da realización deste informe aínda non dispoñemos dos datos de participación no programa DOCENTIA, que en todo caso cómpre recordar que se trata dunha avaliación de carácter voluntario para o profesorado.

As enquisas de satisfacción, tanto do colectivo de alumnado como de egresados/as, recollen resultados así mesmo positivos no bloque destinado aos recursos humanos, de xeito que entre os discentes o único ítem deste apartado, referido á atención do persoal de administración e servizos, que supera en todos os itinerarios o 3, chegando no de Orientación Educativa ao 4. No caso dos egresados/as, o apartado de recursos humanos está conformado por dous ítems, un sobre o profesorado e outro sobre os PAS, e en ambos encontramos valores por riba do 3, aínda que máis altos no itinerario de Ciencias Experimentais e algo inferiores no de Humanidades. Cómpre resaltar que o nivel de participación é tamén moi superior naquela especialidade (67% fronte ao 33% en Humanidades).

Dado que se trata dun máster cun nivel de ocupación moi alto, case total (98,61%), o tamaño dos grupos A sitúase en 30,68 alumnos/as de media, cantidade que de todos os xeitos consideramos asumible e adecuada para un bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría.

3.7.5. Criterio 5. Recursos materiais e servizo

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No que se refire ao bloque 5 da enquisa de satisfacción do alumnado, destinado a recadar información sobre os recursos materiais e servizos, os resultados son en xeral moi positivos, aínda que se dan diferenzas entre os diferentes itinerarios. Así, mentres no itinerario de Orientación Educativa supérase o 3,5 nos catro ítems que

integran este bloque, chegando incluso a un 4,33 no que respecta ás plataformas de teledocencia; no itinerario de Humanidades este ítem supera o 3 (en concreto 3,29), quedando o resto por debaixo, por elo un dos ítems algo menos valorado pertence precisamente a este apartado, en concreto refírese aos laboratorios e espazos experimentais (2). Por outra parte, nas outras dúas especialidades, os resultados sitúanse no intervalo do 3,3 ao 4. Chama a atención que dispoño de espazos e equipamentos semellantes a valoración que fai o alumnado por itinerario sexa tan diferente.

Canto ás persoas egresadas, os resultados están moi igualados nas dúas especialidades sobre as que temos información e curiosamente non se atopan valores tan baixos en Humanidades, como os derivados das enquisas do alumnado. Neste caso, polo contrario, tanto nesta especialidade como na de Ciencias Experimentais contamos con puntuacións superiores sempre ao 3,5.

Non dispoñemos de datos sobre o grao de satisfacción dos empregadores, pois das seis empresas que se convidou a participar ningunha chegou a facelo. No curso anterior, si responderan dúas.

En cambio, por primeira vez este curso contamos con información sobre a satisfacción coas prácticas externas, polo menos en dous itinerarios (Ciencias Experimentais e Humanidades), sendo ademais os resultados moi positivos, próximos ao 4 neste último (3,83) e medio punto por riba do 4 en Ciencias experimentais (4,54).

Puntos febles detectados:

- Posiblemente se trate dun feito puntual, os valores baixos respecto aos laboratorios e espazos experimentais xa que só se producen no itinerario de Humanidades, cando estas instalacións son as mesmas para o estudantado dos diversos itinerarios e unicamente polo colectivo de alumnado, pois no de egresados/as os valores soben e equipáranse co das outras especialidades.

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

- E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
- E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
- E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
- E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
- E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
- E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

- I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
- I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
- I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
- I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

3.7.6. Criterio 6. Resultados de aprendizaxe

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Entre o colectivo de alumnado, os resultados amosan algunhas diferenzas entre uns itinerarios/especialidades e outros. Por exemplo, atópanse valores moi positivos no de Orientación Educativa (4 ou máis de 4), mentres que na de Ciencias Sociais (Xeografía e Historia e Humanidades) son algo inferiores, continuando ademais a tendencia xa detectada no curso anterior, seguen sen acadar o 3. Porén, si melloran na especialidade de

Ciencias Experimentais, onde no curso 2019/20 superan incluso o 3,5/5. Tal como apuntamos no Informe do curso 2018/19, poden atribuírse as posibles causas de flutuación dos resultados debido ás expectativas do alumnado con respecto á preparación das oposicións á secundaria, aínda que o máster non ten isto como obxectivo prioritario.

Sen embargo, no itinerario de Humanidades os resultados melloran no colectivo de persoas tituladas, pois sitúanse xa entre o 3 e o 3,5, aumentando tamén con respecto ao curso 2018/19. Na outra especialidade da que temos datos sobre egresados/as, a de Ciencias Experimentais, os valores baixan lixeiramente respecto ao curso anterior, aínda que continúan a superar o 3/5. Polo tanto, no curso 2019/20 as persoas tituladas destes dous itinerarios ofrecen valores moi próximos no que se refire á satisfacción cos resultados de aprendizaxe (bloque 6 da enquisa).

Pasando a valorar os resultados de aprendizaxe en función da taxa de éxito e as cualificacións nas distintas materias, poden considerarse moi positivas, xa que este máster obtén unha taxa de éxito global do 100%, dado que o índice de suspensos non se produce, no curso analizado, na materias dos itinerarios do campus de Ourense e tamén e baixo o índice de non presentados. De feito, nin sequera é alto no caso do Traballo de Fin de Mestrado (8 entre os 4 itinerarios do campus de Ourense), sendo unha materia cunhas características singulares. Esta materia esixe ao estudantado un maior traballo autónomo fóra do horario lectivo e madurez intelectual. En definitiva, os resultados melloraron con respecto ao curso anterior. Nisto puido ter que ver que o alumnado disporía de máis tempo debido ao confinamento pola covid-19.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de máster (título, titor/a e cualificación)
E25/: Informes de cualificación por materia
EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

3.7.7. Criterio 7. Resultados de satisfacción e rendemento

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Todos os indicadores dos resultados de satisfacción e rendemento presentan resultados moi positivos e superan con grandes marxes as metas establecidas polo centro. Así, as taxas de rendemento e eficiencia sitúanse próximas ao 100%, cando as metas do centro están no 80 e 90 por cento respectivamente. A marxe de superación aínda é maior na taxa de graduación, pois acádase o 92,42%. Por último, a taxa de abandono é só dun 4,48%, estando por debaixo da meta do centro (5%) e mellorou con respecto ao curso 2018/19, no que foi un pouco superior ao 5%. Canto á duración media do máster, tamén mellora, xa que descendeu lixeiramente, situándose nun 1,14. Trátase en definitiva de valores satisfactorios.

No que se refire aos indicadores por materias, son igualmente moi positivos, próximos ao 100% en todos os casos. En efecto, nas taxas de avaliación e rendemento, agás nunha materia (cuns valores de 88,89%), todas as demais superan o 90%, incluído o Traballo de Fin de Máster. Por outra parte, a taxa de éxito é do 100% en

tódalas materias, excepto en dúas, nas que se supera o 98%. Polo que podemos falar de resultados case imposible de mellorar, tendo en conta ademais que a matrícula de novo ingreso aumentou en comparación co curso anterior.

Puntos febles detectados:

- Continuamos con falta de datos con respecto ao tempo medio para atopar emprego.

Accións de mellora a implantar:

- Correspondería a área de Calidade da UVigo e a Unidade de Análises e Programas (UAP) comezar por ofrecer datos ao respecto.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
I12: Evolución dos indicadores de resultados
Ø Taxa de graduación
Ø Taxa de abandono
Ø Taxa de eficiencia
Ø Taxa de rendemento
Ø Taxa de éxito
Ø Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
I010-D0: Duración media dos estudos

IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS

**Neste epígrafe deben incluírse tantas táboas como titulacións haxa adscritas no centro .*

Inclúranse as modificacións non substanciais, que se corresponden con aqueles cambio menores que melloran a titulación e que a Universidade pode implantar como resultado do proceso de seguimento, tal e como se recolle no “Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Títulos Verificados de Grao e Máster” de ACSUG. Estas modificacións deben ser notificadas e xustificadas nos informes de seguimento e incorporadas na memoria do título cando se teña que someter a un proceso de modificación.

Non se incorporaron modificacións “non substancias” en ningunha titulación do Centro.

V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)

Para cada titulación dáse conta do ESTADO de situación das acción de mellora na aplicación de xestión documental do SGC, ofrecendo o seguimento das mesmas. No caso do máster de Profesorado de Secundaria, tal como se indicará en ANEXOS, figura

na aplicación informática da Facultade de Bioloxía, por tratarse dun título intercampus e ser ese o Centro ao que está adscrito e o que leva a coordinación xeral do mesmo.

Nos ANEXOS, ao final deste documento, achéganse as fichas en pdf obtidas a partir da aplicación informática no que se xestiona o SGC respecto ao PLAN DE MELLORAS de cada titulación. Cabe sinalar que estes anexos proceden dunha base dinámica que, no caso daquelas que aínda non están pechadas/finalizadas, se poden modificar en calquera momento e en función da situación das mesmas.

VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

As novas accións de mellora que se propuxeron neste Informe, tanto para o Centro, como para as respectivas titulación despréndense dos resultados e a análise desenvolta nos epígrafes anteriores, ou das posibles necesidades detectadas no día a día, así como consecuencia das esixencias ou recomendacións feitas polos comités avaliadores para a obtención da Certificación do Centro ou das re-verificacións dos títulos.

Toda a información relativa a Listaxe dos Planos de Mellora incorpórase nos formularios de fichas que a UVigo habilitou a través do aplicativo informático na secretaría virtual para a xestión documental do SGC. Deste aplicativo exportase a Listaxe de Accións de Mellora en PDF (curso 2019-2020) e anéxase ao final deste documento, tanto as relativas ao Centro, como con cada titulación. No caso do máster de Profesorado de Secundaria, como se especificará, son incorporadas no aplicativo da Facultade de Bioloxía ao tratarse do Centro ao que está adscrito este título. Tamén a base do aplicativo informático relativa a Listaxe de Accións de Mellora é dinámica e, no momento actual, non tería porque coincidir o seu ESTADO co que se presenta nas fichas anexas a este documento.

VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

7.1. Conclusións

Tras a reflexión e análise, entre outros, dos datos ou información previa asociada ao sistema de garantía da calidade do Centro cabe concluír que:

1.	Á vista dos resultados e evidencias dispoñibles (indicadores do SGIC e indicadores específicos do seguimento ACSUG) podemos concluír unha adecuada adaptación do centro e das súas titulacións aos requirimentos de planificación e docencia motivados pola situación COVID-19. O grao de satisfacción do alumnado coas titulacións, as taxas de rendemento e os indicadores por materia avalan un satisfactorio afrontamiento da situación. O centro foi capaz de poñer en marcha os procedementos e mecanismos necesarios para o adecuado cumprimento da planificación prevista.
2.	É de destacar a valoración altamente satisfactoria que recibe a páxina web da facultade alcanzando en todos os graos puntuacións moi elevadas relativas ao seu grao de utilidade. O seu bo funcionamento probablemente contribuíse a facilitar unha adecuada comunicación centro-alumnado durante a situación de incerteza vivida durante a pandemia.
3.	O sistema de Queixas e Suxerencias, constitúe outra referencia que avala a adecuada adaptación do centro á situación COVID-19. Desde unha perspectiva cuantitativa, o número de queixas diminuíu de forma significativa pasando dun total de 59 queixas presentadas durante o curso 2018-2019 a un número de 5 recibidas durante o curso 2019-2020.
4.	A vista dos resultados expostos, cabe concluír que non é preciso modificar a política, obxectivos de calidade do Centro e as respectivas metas respecto dos cursos anteriores.
5.	As propostas de mellora, en termos xerais, puideron ser implementadas xerando dinámicas de funcionamento que entraron a formar parte das rutinas ordinarias do centro.
6.	Os datos ofrecidos neste informe permitiron tamén identificar as debilidades do funcionamento do centro e de cada un dos seus títulos, para a partir delas enfocar de modo específico os retos de mellora para o futuro. Ademais das propostas de mellora establecidas para cada título, expónse dous obxectivos que afectan os catro graos da Facultade: (1) Seguir mellorando as accións de coordinación entre materias para fomentar as perspectivas interdisciplinares,

	(2) Implementar accións formativas entre ou profesorado para darlle a coñecer metodoloxías e ferramentas que favorezan ou enfoque práctico e a adecuación ao perfil profesional do alumnado.
7.	Finalmente, cabe sinalar que no aplicativo do SGC, que a UVigo pon a disposición desta Facultade, tanto para o Centro, como para as respectivas titulacións se depositaron os rexistros e evidencias de calidade pertinentes, atendendo aos compromisos que derivan dos procedementos de calidade asumidos. Con todo, cabe lembrar que os mesmos están supeditados en boa medida as normas/directrices da nosa Universidade e da ACSUG.

7.2. Acordos

Nas respectivas xuntanzas acórdase por asentimento a:	
1.	Validación pola Comisión de Garantía Interna de Calidade o Informe de Revisión pola Dirección.
2.	Aprobación pola Xunta de Centro o Informe de Revisión pola Dirección.

7.3. Listaxe asistentes á reunión de validación/aprobación do Informe

7.3.1. Asistentes á reunión da CGIC do 24 de marzo de 2021.

ASISTENTES

Presidente: Xosé Manuel Cid Fernández

Secretaria: María del Pino Díaz Pereira

PDI:

M ^a Isabel Mociño González	(Coord. Grao E. Infantil)
Manuel Vidal López	(Coord. Grao E. Primaria)
Francisco Javier Aguiar Fernández	(Coord. Trab. Social)
Francisco Javier García Núñez	(Repr. por delegación no Mestrado de Dificultades)
	(Coord. Mestrado Diversidade)
Carmen Ricoy Lorenzo	(Repr. por delegación no Mestrado de Secundaria)
Ana Iglesias Álvarez	(coord. PAT)

PAS

Raquel M ^a Iglesias Domínguez	(Repr. por deleg. da Administradora de Campus)
--	--

ALUMNADO

Sara Martínez Carrera	(Repr. estudantado)
Santiago Pato Rodríguez	(Repr. estudantado egresado)
Álvaro Herves Fortes	(Repr. Estudantado invitado)

PERSOAS CONVOCADAS QUE NON ASISTIRON

José M ^a Faílde Garrido	(Coord. Educ. Social)
Jesús Deibe Fernández Simo	(Repr. da Sociedade).
Fernando Tellado González	(Repr. profesorado)

7.3.2. Asistentes á reunión da Xunta de Centro do 24 de marzo de 2021.

PROFESORADO ASISTENTES:

Alberto Saco Álvarez
Alicia González Barreiro
Alvaro Herves Fortes
Ana M^a Iglesias Álvarez
Antón Lois Fernández Álvarez
Antonio González Fernández
Beatriz Olga Figueroa Revilla
David Casado Neira
Fátima Braña Rey
Francisco Javier Aguiar Fernández
Francisco Javier García Núñez
Javier Blanco Sierra
José Luis Fernández Méndez
José M^a Failde Garrido
Luis Saúl Cid Vera
M^a Angeles Conde Rodríguez
M^a Carmen Ricoy Lorenzo
M^a del Carmen Verde Diego
M^a del Pilar González Fontao
M^a Isabel Mociño González
Manola Raposo Rivas
Manuel Vidal López
María Lameiras Fernández
Rubén González Rodríguez
Sara Martínez Carrera
Yolanda Rodríguez Castro

ESCUSAN A AUSENCIA

Ana Belén Méndez Fernández
Julia de la Montaña Miguélez

M^a del Mar García Señorán
M^a Victoria Fernández Carballo-Calero
Pedro Membiela Iglesia
Rosana Martínez Román
Stuart John McNicholls

ALUMNADO

Álvaro Herves Fortes
Santiago Pato Rodríguez
Sara Martínez Carrera

**Facultade de
Educación e Traballo Social**



VIII. ANEXOS*

*Cabe lembrar que os anexos relativos as Accions de Mellora, tanto do Centro coma das respectivas titulacións proceden dunha base dinámica que, no caso daquelas que aínda non están pechadas/finalizadas, se modifica continuamente. Polo tanto, o seu estado no aplicativo informático podería variar respecto das fichas anexadas neste documento.

**Facultade de
Educación e Traballo Social**



**Anexo 1. Outros resultados:
Grao en E. Infantil**

